



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



**D. Manuel Mouzo Méndez, con DNI XXXXXXXXXX, en calidade de Secretario da Federación Galega de Pesca e Cásting;**

## **CERTIFICO:**

**Que na Asemblea Xeral Extraordinaria, debidamente convocada e desenvolvida o día 03 de febreiro de 2013 nos salóns do Restaurante Los Robles, Santiago de Compostela, acordouse a modificación dos Estatutos da Federación galega de Pesca e Cásting para a súa adaptación á Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia. Quedando redactados deste Xeito:**

## **ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CÁSTING**

### **TÍTULO I - DEFINICIÓN, OBXECTO SOCIAL, RÉXIME XURÍDICO E FUNCIONS**

#### **Artigo 1. – Definición.**

**1. A Federación Galega de Pesca e Casting** (en diante Federación), constituída ao abeiro da lexislación deportiva aplicable no seu momento, hogan regulada pola Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e demais disposicións vixentes que poidan serlle de aplicación, é unha entidade deportiva de carácter privado e natureza asociativa, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que consisten na promoción, práctica, organización, regulamentación e desenvolvemento do deporte da pesca no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

**2. A Federación** é a única entidade competente, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, para promover, regulamentar, organizar, xestionar, cualificar e controlar as competicións oficiais do deporte da pesca nas augas continentais e costeiras nas súas diversas especialidades de: Salmónidos, Ciprínidos, Blak-bass, Mar-Costa, Embarcación Fondeada e Cásting, en tódalas súas modalidades.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



3. Ademais das súas propias atribucións, exerce por delegación funcións públicas de carácter administrativo, actuando nestes casos coma axente colaborador da Administración e ten carácter de utilidade pública en Galicia.

4. A Federación está integrada na Federación Española de Pesca y Casting, de acordo co procedemento e requisitos establecidos nos estatutos desta, gozando así do carácter de utilidade pública, de conformidade coa Ley del Deporte estatal e coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e comportará os efectos establecidos nas mesmas.

## **Artigo 2. - Composición.**

A Federación está integrada polos **clubs, peñas, sociedades e asociacións deportivas**, (en diante clubs) e **seccións deportivas** doutras entidades, adicadas ao fomento e a práctica da Pesca Deportiva nas súas diversas especialidades, deportistas, técnicos, xuíces e outros colectivos adicados á práctica do deporte que constitúe o seu obxecto social, dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, que de forma voluntaria e expresa se afilien a través da preceptiva licenza federativa.

A afiliación á Federación é requisito obrigatorio para:

- Organizar e participar en competicións oficiais neste deporte.
- Participar nas tarefas federativas.
- Gozar dos dereitos e obrigas que ser membro da Federación confire.

## **Artigo 3. – Representatividade.**

1. A Federación é a representante da Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas oficiais de carácter estatal e internacional, que se desenvolvan dentro e fóra do territorio español.

2. A Federación representa, na Comunidade Autónoma de Galicia, á Federación Española de Pesca y Casting na que se integra.

## **Artigo 4. – Domicilio social.**

A Federación está inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas e Deportistas de Galicia. Ten o seu domicilio social na cidade da **Coruña, Praza Agustín Díaz 1, Complejo Deportivo de Elviña local 5, C.P. 15008.**

A Comisión Delegada, por maioría dos seus membros e cando as circunstancias o aconsellen, poderá acordar o troco do domicilio social dentro da mesma cidade. Para o



Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



traslado do domicilio social a outra cidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre o acordo maioritario da Asemblea Xeral, en ambos casos, o traslado do domicilio social deberá ser notificado aos afiliados e a Secretaría Xeral para o Deporte para inscribilo no Rexistro de Entidades Deportivas e Deportistas de Galicia.

#### **Artigo 5. - Réxime Xurídico.**

A Federación réxese pola Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, así coma polos presentes Estatutos e os regulamentos federativos. Tamén son de aplicación as normas e regulamentos técnicos nacionais e internacionais emitidos por aquelas federacións ou asociacións ás que se ache adscrita, directa ou indirectamente, a través da Federación Española de Pesca y Casting.

#### **Artigo 6. - Funcións propias.**

1. Son funcións propias da Federación as de goberno, administración, xestión, organización, desenvolvemento e promoción do deporte da pesca, en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, podendo emitir os preceptos e criterios que sexa mester.

2. Ademais tamén son competencias e fins da Federación:

a) Cualificar e organizar por si mesma as competicións no ámbito local, provincial ou territorial, e as de ámbito superior ao autonómico, nacional e internacional actuando en coordinación coa Federación Española de Pesca y Casting.

b) A elaboración de programas de promoción e extensión da práctica competitiva no seu territorio.

c) A colaboración coa Administración Autonómica do Deporte e a Educación no seu caso, así coma coa Federación Española de Pesca y Casting, dentro do ámbito e nas condicións en que marquen a Lei e os Regulamentos que lles sexan aplicables na materia, na formación de deportistas, técnicos, xuíces e directivos dos clubs.

d) A colaboración na elaboración de programas ou acordos, ou execución no seu caso, suxeridos pola Comunidade Autónoma de Galicia.

e) O seguimento dos posibles talentos deportivos, para o cal poderá procurar a colaboración da Federación Española de Pesca y Casting.

f) A organización de calquera actividade de competición, promoción, divulgación ou formación permanente que afecte ao interese local ou autonómico.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



**g)** A aplicación da Disciplina Deportiva sobre os seus asociados e afiliados, así coma sobre os directivos da propia Federación e dos clubs afiliados a ela, para o cal se aplicará o correspondente regulamento, no que se detallarán as infraccións, sancións, procedementos, composición e funcionamento dos órganos competentes para a súa aplicación.

**h)** A dilixencia e xestión das licenzas deportivas, así como a inscrición dos clubs e deportistas nas competicións.

**i)** Establecer convenios e contratos con entidades públicas e privadas.

**j)** Velar polo estrito cumprimento das normas deportivas e estatutarias.

**k)** Colaborar coa Administración Autónoma do Medio Ambiente nas distintas materias nas que, por obrigación legal ou mediante acordo, sexan necesarias para a eficaz protección da fauna acuática e do medio natural, así coma o seu aproveitamento deportivo.

**l)** O ensino e titulación, de ser o caso, en colaboración coa Administración Autónoma competente en materia de Medio Ambiente, do título que habilite para a práctica da pesca nas augas continentais da comunidade autónoma de Galicia.

**m)** Asesoramento en materia de pesca deportiva ás entidades públicas que o requiran.

**n)** Prestar a colaboración legal ou acordada cas Administracións competentes en materia de pesca marítima, vixilancia medio ambiental, costas, portos e calquera outra relacionada co deporte da pesca.

**o)** Fomentar a promoción dos deportistas das categorías infantil e xuventude, estimulando a súa formación ao máximo, por cantos medios sexan posibles.

**p)** A convocatoria das seleccións deportivas da súa modalidade deportiva e a designación dos deportistas que as integren.

**q)** Colaborar coas administracións públicas e coa federación española correspondente, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción das súas respectivas modalidades.

**r)** Colaborar coa Administración deportiva autónoma na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.

**s)** De ser o caso, e conforme á normativa que sexa aplicable, colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



t) Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.

u) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de adestradores, xuíces, árbitros e persoas relacionadas co deporte da Pesca, segundo a normativa que sexa aplicable.

### **Artigo 7. – Funcións públicas delegadas.**

1. Ademais das funcións propias, a Federación exerce por delegación, baixo os criterios e tutela da Secretaría Xeral Para o Deporte ou outro organismo autonómico competente na materia, as seguintes funcións públicas de carácter administrativo:

a) Cualificar e organizar as actividades e competicións oficiais de ámbito autonómico.

b) Expedir licenzas deportivas para participar en competicións oficiais, así como as inscricións dos clubs, seccións deportivas e deportistas.

c) Asignar, coordinar e controlar a correcta aplicación que os seus asociados fagan das subvencións e axudas de carácter público concedidas a través da Federación.

d) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos nos presentes Estatutos e nos correspondentes regulamentos federativos.

e) Executar, no seu caso, as resolucións do Comité Galego de Disciplina Deportiva.

f) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos Estatutos.

g) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos pola Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos seus respectivos Estatutos e regulamentos.

h) Executar, de ser o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

i) Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, no control e na represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. Para estes efectos, e entre outras accións, a Federación instruirá e resolverá os expedientes sancionadores que no ámbito da dopaxe se substancien, consonte o establecido no título VIII da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e do Anexo I destes Estatutos.



Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



j) Representar a Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas da súa modalidade, consonte a normativa que lle sexa aplicable.

k) Calquera outra que se estableza regulamentariamente.

2. A Federación non poderá delegar o exercicio das funcións públicas delegadas sen a autorización da Administración competente, se ben poderá encomendar a terceiros actuacións materiais relativas ás funcións previstas nas letras a), b) e c) do apartado anterior.

3. As accións feitas pola Federación no exercicio das súas funcións públicas de carácter administrativo, son susceptibles de recurso perante a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, cuxas resolucións esgotan a vía administrativa.

#### **Artigo 8. - Outras funcións.**

A Federación exercerá ademais as seguintes funcións:

a) Colaborar coas Administracións Públicas e coa Federación Española de Pesca y Casting para a promoción das súas modalidades deportivas en todo o territorio galego, na execución dos plans e programas de preparación dos deportistas de alto nivel en Galicia, participando no seu deseño e na elaboración das relacións anuais de deportistas de alto nivel e ámbito estatal que realiza o Consejo Superior de Deportes.

b) Colaborar coa Administración da Xunta de Galicia e coa Federación Española de Pesca y Casting na promoción dos deportistas de alto rendemento e na formación de técnicos e xuíces.

c) Colaborar coa Xunta de Galicia e coa Administración Deportiva do Estado na prevención, control e represión do uso de sustancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte.

d) Colaborar na organización das competicións oficiais e actividades deportivas que se desenvolvan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sexan de carácter estatal ou internacional.

e) Elaborar os seus propios regulamentos deportivos e disciplinarios, así coma dispoñer e propoñer cuanto conveña para a promoción e mellora da práctica da pesca.

f) Xestionar instalacións ou escenarios deportivos de titularidade pública que lle sexan cedidas pola Administración Deportiva, de Medio Ambiente ou Conservación da Natureza, así coma calquera outra de carácter local, de acordo coa lexislación de patrimonio.





Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



g) Realizar servizos deportivos complementarios relacionados coa pesca deportiva.

### **Artículo 9 – Tutela da Administración Deportiva.**

De conformidade co disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, a Federación, sométese ás seguintes funcións de tutela da Secretaría Xeral para o Deporte:

a) Convocatoria dos órganos federativos cando se incumpran as previsións contidas ao respecto nos presentes Estatutos.

b) Instar ao Comité Galego de Disciplina Deportiva a incoación de procedemento disciplinario ao Presidente e/ou demais membros directivos da Federación e, no seu caso, a suspensión cautelar dos mesmos.

c) Convocar eleccións aos órganos de goberno e representación da Federación, así como o nomeamento dunha Comisión Xestora, cando se produza un deixamento manifesto das atribucións dos órganos federativos competentes para o desenvolvemento de tal actividade.

d) Comprobar, previa á aprobación definitiva, a adecuación á legalidade vixente dos regulamentos deportivos da Federación, así como das súas modificacións.

e) Resolución de recursos contra os actos que a Federación teña ditado no exercicio de funcións públicas de carácter administrativo.

f) Inspeccionar os libros e documentos oficiais e regulamentarios.

g) Avogar e revogar o exercicio das funcións públicas que a Federación teña atribuídas.

## **TÍTULO II - OS MEMBROS DA FEDERACION**

### **CAPÍTULO I - A LICENZA FEDERATIVA**

#### **Artigo 10. – A licenza federativa.**

A licenza federativa é o documento mediante o que se formaliza a relación de especial suxeición entre a Federación e a persoa ou entidade de que se trate xunto ao club ou sección deportiva á que pertence. Con ela, acredítase documentalmentemente a afiliación, valendo de título acreditativo para o exercicio dos dereitos e deberes recoñecidos polos



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



presentes Estatutos aos membros da Federación. No caso dos clubs e seccións deportivas a afiliación adquirese, e mantense, co pagamento do canon anual federativo establecido e aprobado en Asemblea Xeral Extraordinaria.

A perda polo seu titular da licenza federativa, por calquera das causas previstas nestes Estatutos, leva aparellada a da condición de membro da Federación.

### **Artigo 11. – Expedición da licenza.**

1. A expedición e anovación das licenzas farase no prazo dun mes dende a súa solicitude, sempre que o solicitante cumpra cos requisitos que contemplan os presentes Estatutos e os regulamentos federativos.
2. A expedición da correspondente licenza federativa tramitarase de forma automática. Entenderase estimada a solicitude se unha vez transcorrido o prazo sinalado no apartado anterior non houberse sido resolta e notificada expresamente.
3. A denegación da licenza será acordada pola Xunta Directiva e sempre será de forma motivada e amparada en razóns de duplicidade, incorrección ou falta de datos, sancións deportivas de inhabilitación ou privación de licenza, e en sancións da administración autonómica de medio ambiente ou de pesca marítima que inhabilite para a obtención da correspondente autorización ou licenza administrativa. Contra a mesma poderá interperse recurso de alzada perante o órgano competente da Administración Deportiva.

Non se entenderá que haxa duplicidade cando un mesmo deportista pescador teña varias licenzas, cada unha por un club diferente xa que cada unha delas o poderá habilitar para participar con cada club nunha modalidade distinta que deberá elixir conforme aos regulamentos.

### **Artigo 12. – Perda da licenza.**

O afiliado á Federación perderá a licenza federativa, polas seguintes causas:

- a) Por vontade expresa do federado.
- b) Por sanción disciplinaria.
- c) Por falta de anovación da licenza no período habilitado para ilo.

A perda da licenza pola causa sinalada no apartado c) será automática, no caso das persoas físicas, de non solicitar a anovación da licenza federativa dentro do exercicio anual da Federación. No caso das persoas xurídicas, o non pagamento do canon anual federativo dentro do exercicio anual da federación, nin inicio de procedemento ou





Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

 **XUNTA  
DE GALICIA**

 **DEPORTE  
GALEGO**

actuación nos seis meses posteriores á data do remate dese exercicio, levará aparelhada a perda automática da condición de membro da Federación.

Se o afectado ten a condición de membro da Asemblea Xeral é preceptivo un expediente contradictorio con audiencia ao interesado mediante notificación fidedigna e con indicación dos efectos que se producirían no caso de non atender á mesma. O expediente será resolto pola Xunta Directiva da Federación.

## **CAPÍTULO II - OS CLUBS E SECCIÓNS DEPORTIVAS.**

### **Artigo 13. - Requisitos dos clubs e seccións deportivas.**

Poderán ser membros da Federación os clubs e as seccións deportivas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que o seu obxecto exclusivo ou principal o constituía a práctica do deporte.
- b) Que estean inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- c) Que estean interesados na práctica da pesca deportiva e demais fins da Federación, e se adscriban á mesma.

### **Artigo 14. - Réxime dos clubs e seccións deportivas.**

1. Os clubs e seccións deportivas integrados na Federación deberán someterse ás disposicións e acordos emanados dos seus órganos de goberno e representación, e estarán suxeitos á potestade disciplinaria da Federación de conformidade co disposto no seu regulamento disciplinario e demais normativa de aplicación. A súa vez, a Federación poderá esixir unha actividade deportiva mínima aos clubs e asociacións afiliadas, tanto para a súa admisión, como para a súa permanencia ou participación, coma membros de dereito, nos procesos electorais. Esta actividade mínima será o pago das cotas de afiliación e licenza, e a participación de algún dos seus membros en calidade de deportista, nun mínimo de competicións oficiais.

2. O funcionamento dos clubs e seccións deportivas integrados na Federación será democrático e a elección dos seus órganos de goberno farase de acordo aos seus estatutos, a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, a cantas disposicións ou regulamentos dite a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e demais disposicións vixentes que poidan ser de aplicación.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



### **Artigo 15. - Participación en competicións oficiais.**

A participación dos clubs e seccións deportivas en competicións oficiais de ámbito autonómico rexeráse polo disposto nos presentes Estatutos, polos regulamentos federativos e demais disposicións de aplicación.

### **Artigo 16. - Solicitude de integración na Federación.**

O procedemento de integración dos clubs e seccións deportivas na Federación, conforme ao previsto nos artigos 10 e 11 destes Estatutos, iniciárase a instancia dos mesmos dirixida ao Presidente, á que se adxuntará certificado do acordo da Asemblea Xeral, para os clubs de nova creación, e da Xunta Directiva para a creación da sección de pesca deportiva de clubs preexistentes, no que conste o desexo da entidade de federarse e de cumprir os Estatutos da Federación.

### **Artigo 17. - Perda da condición de membro da Federación.**

1. Os clubs e as seccións deportivas poderán solicitar en calquera momento a baixa da Federación, mediante escrito dirixido ao Presidente da mesma ao que acompañarán copia do acordo adoptado pola Asemblea Xeral en dito senso.

2. Os clubs e seccións deportivas perderán a condición de membro da Federación cando incorran en algún dos seguintes supostos:

a) Por extinción do club ou da sección deportiva, e posterior baixa no Rexistro de Entidades Deportivas e Deportistas de Galicia.

b) Por baixa na licenza federativa.

### **Artigo 18. - Dereitos dos clubs e seccións deportivas.**

Os clubs e seccións deportivas membros da Federación gozarán dos seguintes dereitos:

a) Participar nos procesos electorais aos órganos de goberno e representación da Federación e ser elixidos para os mesmos, nas condicións establecidas na normativa electoral deportiva da Xunta de Galicia e nos regulamentos electorais federativos.

b) Estar representados na Asemblea Xeral da Federación, con dereito a voz e voto.

c) Tramitar as súas autorizacións administrativas de competicións sociais perante a Consellería de Medio Ambiente, e outras autoridades relacionadas coa pesca a través das correspondentes Delegacións Territoriais da Federación.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



**d)** Tomar parte nas competicións e actividades oficiais federativas, así como en cantas actividades sexan organizadas pola mesma.

**e)** Gozar das prestacións e servizos previstos pola Federación para os seus membros.

**f)** Ser informado sobre as actividades federativas.

**g)** Separarse libremente da Federación.

**h)** Recibir apoio e axuda por parte da Federación, así como a súa asistencia directa, cando as circunstancias o requiran ou o aconsellasen. A Federación evitará as liortas entre clubs e mediará nos conflitos de intereses e nas tirapuxas que puidesen producirse.

**i)** A recibir apoio e asesoramento da Federación para as súas actividades, competicións e escolas de Pesca, consonte á normativa vixente.

**j)** Á non inxerencia da Federación no seu propio funcionamento interno, agás nos casos nos que esta sexa requirida polo propio club ou sección deportiva e, en todo caso, por algún dos membros, deportistas ou asociados, destas entidades.

### **Artigo 19. - Obrigas dos clubs e seccións deportivas.**

Serán obrigas das entidades membros:

**a)** A práctica da Pesca e o seu proficuo fomento.

**b)** Acatar as prescricións contempladas nos presentes Estatutos e os acordos válidamente adoptados polos órganos da Federación.

**c)** Satisfacer, no seu caso, as cotas de entrada, así como as periódicas correspondentes ás licenzas e de integración ou canon anual.

**d)** Cooperar no cumprimento dos fins da Federación.

**e)** Permitir estar a disposición da Federación aos deportistas federados dos seus equipos ao obxecto de integrar as seleccións deportivas galegas, de acordo coa Lei do Deporte de Galicia e disposicións que a desenvolven ou desenvolvan.

**f)** Permitir estar a disposición da Federación aos seus deportistas federados, co obxecto de levar a cabo programas específicos encamiñados ao seu desenvolvemento e mellora do rendemento deportivo.

**g)** Aquelas outras que lle veñan impostas pola lexislación vixente, polos presentes Estatutos, ou polos acordos válidamente adoptados polos órganos federativos.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

 XUNTA  
DE GALICIA

 DEPORTE  
GALEGO

## **CAPÍTULO III - OS DEPORTISTAS, ADESTRADORES, TÉCNICOS E XUÍCES**

### **Sección 1ª. Disposicións xerais.**

#### **Artículo 20. - Integración na Federación.**

Os deportistas, adestradores, técnicos e xuíces, como persoas físicas e a título individual poden integrarse na Federación e terán dereito, de acordo cos artigos 10 e 11 destes Estatutos, a unha licenza da clase e categoría establecida nos regulamentos federativos, que servirá como ficha federativa e habilitación para participar nas actividades e competicións deportivas oficiais, así como para o exercicio dos dereitos e obrigas recoñecidos aos membros da Federación. Non obstante, no caso dos deportistas, cómpre que estean inscritos nun club ou sección deportiva federada, que estea ao corrente das súas obrigas coa Federación, para teren dereito á participación en competicións oficiais.

#### **Artigo 21. - Perda da condición de membro da Federación.**

Os deportistas, adestradores, técnicos e xuíces perderán a súa condición de membro da Federación por baixa ou retirada da licenza federativa

### **Sección 2ª. Os deportistas.**

#### **Artigo 22. - Definición.**

Son considerados deportistas aqueles que practican o deporte da Pesca respectando as condicións, normas, bases e regulamentos federativos e están en posesión da correspondente licenza que, para participar en competicións oficiais, obrigatoriamente deberán obter a través dun club ou sección deportiva afiliada á Federación.

A Federación considera coma deportistas con dereito a competir, a todos aqueles que estean en posesión da correspondente licenza federativa e formen parte dun club ou sección deportiva afiliada á Federación, xa que nesas condicións poden inscribirse en todo momento en calquera das competicións do calendario oficial federativo.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



### **Artigo 23. - Dereitos dos deportistas.**

Os deportistas terán os seguintes dereitos:

a) Participar nos procesos electorais dos órganos de goberno e representación da Federación e ser elixidos para os mesmos, nas condicións establecidas nos regulamentos electorais federativos.

b) Estar representados na Asemblea Xeral da Federación, con dereito a voz e a voto.

c) Estar en posesión dun seguro médico que cubra os danos e riscos derivados da práctica da Pesca.

d) Tomar parte nas competicións e actividades oficiais federativas, así como en cantas actividades sexan organizadas pola mesma dentro do marco das regulamentacións que rexen o deporte da Pesca.

e) A ser convocados para as correspondentes seleccións galegas cando os seus resultados e curriculum deportivo así o fagan merecedor segundo os criterios técnicos federativos.

f) Ser informado sobre as actividades federativas.

g) Separarse libremente da Federación.

h) A Recibir apoio da Federación na percepción de axudas da administración pública ou de persoas e entidades privadas para o exercicio do seu deporte.

### **Artigo 24. - Deberes dos deportistas.**

Os deportistas terán os seguintes deberes:

a) Acatar as prescricións contidas nos presentes Estatutos e os acordos válidamente adoptados polos órganos federativos.

b) A satisfacer, no seu caso, as cotas de entrada, así como as periódicas correspondentes ás licenzas federativas.

c) Cooperar en todo momento ao cumprimento dos fins da Federación.

d) Acudir ás seleccións deportivas galegas e aos programas específicos federativos encamiñados a favorecer a súa formación, rendemento ou desenvolvemento deportivo.

e) Aqueles outros que lle veñan impostos pola lexislación vixente, polos presentes Estatutos, ou polos acordos válidamente adoptados polos órganos federativos.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

 XUNTA  
DE GALICIA

 DEPORTE  
GALEGO

f) Someterse aos controis antidopaxe para os que fose requirido. Os deportistas con dereito a participar en competicións oficiais de calquera ámbito, estarán obrigados a someterse aos controis antidopaxe durante as competicións ou fóra delas, a requirimento de calquera Organismo con competencias para ilo.

### Sección 3ª. Os técnicos.

#### Artigo 25. - Definición.

Son técnicos as persoas que, coa titulación recoñecida de acordo coa normativa vixente, exercen funcións de ensino, formación, perfeccionamento e dirección técnica do deporte da Pesca, respectando as condicións federativas e estando en posesión da correspondente licenza.

#### Artigo 26. - Dereitos dos técnicos.

Os técnicos terán os seguintes dereitos:

- a) Participar nos procesos electorais aos órganos de goberno e representación da Federación e ser elixidos para os mesmos, nas condicións establecidas nos regulamentos electorais federativos.
- b) Estar representados na Asemblea Xeral da Federación, con dereito a voz e voto.
- c) Ser beneficiario dun seguro médico que cubra os danos e riscos derivados das funcións que exercen en relación coa práctica da Pesca.
- d) Ser informado sobre as actividades federativas.
- e) Separarse libremente da Federación.
- f) A recibir apoio da Federación na percepción de axudas da administración pública ou de persoas e entidades privadas para o exercicio do seu deporte.
- g) A que a Federación lle proporcione reciclaxe e actualización dos seus coñecementos e prácticas dunha maneira axeitada.

#### Artigo 27. - Deberes dos técnicos.

Os técnicos terán os seguintes deberes:





Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



- a) Acatar as prescricións contidas nos presentes Estatutos e nos acordos válidamente adoptados polos órganos federativos.
- b) Satisfacer, no seu caso, as cotas de entrada, así como as periódicas correspondentes ás licenzas federativas.
- c) Cooperar en todo momento ao cumprimento dos fins da Federación.
- d) Asistir ás probas e cursos aos que sexan convocados pola Federación.
- e) Aqueles outros que lle veñan impostos pola lexislación vixente, polos presentes Estatutos, ou polos acordos válidamente adoptados polos órganos federativos.

#### **Sección 4ª. Os xuíces.**

##### **Artigo 28. - Definición.**

Os xuíces son as persoas que, coas categorías que regulamentariamente se determinen, velan pola correcta aplicación e respecto das regras e regulamentos, respectando as condicións federativas e estando en posesión da correspondente licenza e titulación.

##### **Artigo 29. - Dereitos dos xuíces.**

Os xuíces terán os seguintes dereitos:

- a) Participar nos procesos electorais aos órganos de goberno e representación da Federación e ser elixidos para os mesmos, nas condicións establecidas nos regulamentos electorais federativos.
- b) Estar representados na Asemblea Xeral da Federación, con dereito a voz e a voto.
- c) Ser beneficiario dun seguro médico que cubra os danos e riscos derivados das funcións que exercen referentes á práctica da Pesca.
- d) Ser informado sobre as actividades federativas.
- e) Separarse libremente da Federación.

##### **Artigo 30. - Deberes dos xuíces.**

Os xuíces terán os seguintes deberes:



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



- a) Acatar as prescricións contidas nos presentes Estatutos e nos acordos válidamente adoptados polos órganos federativos.
- b) Satisfacer, no seu caso, as cotas de entrada, así como as periódicas correspondentes ás licenzas federativas.
- c) Aplicar en todo momento os regulamentos técnicos de competición que sexan adecuados á actividade na que exercen a súa función.
- d) Cooperar en todo momento ao cumprimento dos fins da Federación.
- e) Asistir ás probas e cursos aos que sexan convocados pola Federación.
- f) Aquelas outras que lle veñan impostas pola lexislación vixente, polos presentes Estatutos, ou polos acordos válidamente adoptados polos órganos federativos.

## **CAPÍTULO IV - GARANTÍAS XURISDICCIONAIS.**

### **Artigo 31.- Réxime de tutela, protección e principios.**

Tódolos membros da Federación teñen dereito a recibir a tutela da mesma, con respecto aos seus intereses deportivos lexítimos, así como o de participar nas súas actividades, de acordo cos Estatutos e regulamentos que os desenvolvan.

Asemade, na Federación tódolos afiliados teñen a obriga de acatar e cumprir os acordos, actas e demais normas emanadas dos seus órganos de goberno ou administración que sexa competente, sen prexuízo de que en caso de desacordo poderán exercer os recursos que consideren oportunos, primeiro perante a propia Federación e posteriormente, producida a decisión ou acordo pertinente que esgota a vía federativa, perante a administración pública deportiva da Xunta de Galicia no caso de asuntos sobre competencias públicas delegadas baixo tutela, perante a Federación Española de Pesca y Casting cando corresponda, ou ben perante a Xurisdición Ordinaria.

## **TÍTULO III - A ESTRUTURA ORGÁNICA**



Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## CAPÍTULO I - ÓRGANOS FEDERATIVOS.

### Artigo 32. - Órganos federativos.

1. Son requisitos xerais para ser membro de calquera Órgano da Federación, sen prexuízo do establecido legal, regulamentaria e estatutariamente para cada Órgano específico, os seguintes:

- a) Tela condición de cidadán/cidadá de Galicia, consonte ao disposto no artigo 3 da Lei Orgánica do 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b) Ser maior de idade e estar en pleno uso dos seus dereitos civís.
- c) Non estar suxeito a sanción disciplinaria de carácter deportivo que o inhabilite.
- d) Non ter sido condenado mediante sentenza penal firme que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.
- e) Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade, establecida legalmente ou nos presentes Estatutos.
- f) Reunir os requisitos específicos propios de cada estamento deportivo.

2. Os órganos superiores de goberno, representación e administración da Federación son:

a) De goberno e representación:

- A Asemblea Xeral.
- O Presidente.
- A Xunta Directiva.
- A Comisión Delegada.

b) De Administración:

- O Secretario Xeral.
- O Tesoureiro.

c) Técnicos:

- O Comité de Xuíces.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



- O Comité de Técnicos e adestradores.

d) Específicos por especialidades:

- O Comité de Mar Costa.
- O Comité de Embarcación.
- O Comité de Auga Doce.
- O Comité de Salmónidos
- O Comité de Black Bass.

e) Xurisdicionais:

- O Comité de Disciplina Deportiva.
- O Comité de Apelación.

f) Electorais:

- A Xunta Electoral.

g) De Estrutura Territorial:

- As Delegacións Territoriais.

## **CAPÍTULO II - ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN.**

### **Sección primeira. A Asemblea Xeral.**

#### **Artigo 33. - A Asemblea Xeral.**

A Asemblea Xeral é o órgano supremo e soberano de goberno e representación da Federación e está integrada polos clubs, as seccións deportivas, os deportistas, os técnicos, os xuíces, os árbitros e outros colectivos que, estatutariamente establecidos, co obxectivo de promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento da modalidade ou especialidade deportiva da pesca e, coa representación establecida no regulamento electoral, cumpran os requisitos e condicións esixidos.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



### **Artigo 34. - Composición.**

A Asemblea Xeral estará constituída polo Presidente da Federación e polos representantes das Entidades Deportivas, dos deportistas, dos técnicos, dos adestradores, dos xuíces/árbitros e doutros colectivos, de habelos.

As Entidades Deportivas non poderán ser membros da Asemblea Xeral, se nas datas da convocatoria das eleccións non figuran inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Os compoñentes da Xunta Directiva, por esta soa condición poderán asistir á Asemblea, con voz pero sen voto.

A Asemblea Xeral estará integrada por un determinado número de membros, con dereito a pertencer á mesma ou, de seren os candidatos a ela máis numerosos á representación que lle corresponda polo seu estamento, os elixidos entre os que teñan ese dereito. Representarán aos seguintes estamentos e nas seguintes proporcións:

- Entidades Deportivas; Entre o 60 e o 75%.
- Deportistas; Ata un máximo do 30%.
- Adestradores/técnicos; Ata un máximo do 5%.
- Xuíces/árbitros; Ata un máximo do 8%.
- Outros colectivos, de habelos, ata un máximo do 10%.

### **Artigo 35. - Elección a membros da Asemblea Xeral.**

A convocatoria de eleccións deberá de indicar expresamente o número de membros da Asemblea Xeral e o de cada un dos estamentos, modificado, ou non, unha vez aprobado definitivamente o censo electoral.

Os membros da Asemblea Xeral serán elixidos, cada catro anos, coincidindo cos anos dos Xogos Olímpicos de inverno, mediante sufraxio libre, segredo e directo, entre e polos compoñentes dos censos de cada estamento da Federación e de conformidade coas proporcións establecidas no artigo 34 anterior e no regulamento electoral federativo.

### **Artigo 36. – Electores e elixibles.**

**1.** Son electores e elixibles para membros da Asemblea Xeral da Federación:

**a)** No caso do estamento de Entidades Deportivas: aquelas que estean inscritas, no ano da convocatoria das eleccións, na Federación (que estean ao corrente das súas obrigas) e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e teñan participado en competicións deportivas. A estes efectos e, con carácter mínimo, deberán de ter participado en catro competicións entre o ano da convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel e, necesariamente, unha delas no ano da



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

 XUNTA  
DE GALICIA

 DEPORTE  
GALEGO

convocatoria das eleccións. Non serán elixibles aquelas Entidades Deportivas que formen parte da Asemblea na súa condición de membros natos.

**b)** No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas e xuíces/árbitros) os que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
- Ter licenza federativa en vigor e tido dúas tempadas deportivas anteriores á da convocatoria de eleccións.
- Ter participado nun mínimo dunha competición oficial nas dúas tempadas anteriores.
- Os xuíces deberán ter tido actividade como tais nas dúas tempadas deportivas anteriores coma mínimo.

Aos efectos deste artigo entenderase coma competición deportiva, aquela que estivera reflectida no correspondente calendario oficial aprobado pola Asemblea Xeral.

Os membros da Federación que pertencen a dous ou máis estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito á Xunta Electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo.

No caso de pertenza a varios estamentos sen que se exerza o dereito de opción no período de reclamacións do censo, terase como criterio preferente: primeiro, presidente de entidade deportiva, segundo, xuíz/árbitro e, por último, deportista.

Os requisitos esixidos para ser elector ou elixible á Asemblea Xeral deberán concorrer o día no que se publique a convocatoria de eleccións.

### **Artigo 37. – Causas de baixa da Asemblea Xeral.**

Os membros da Asemblea Xeral causarán baixa nos seguintes casos:

- a) Expiración do mandato para o que foi elixido.
- b) Morte.
- c) Dimisión ou renuncia voluntaria.
- d) Incapacidade que lle impida o desempeño da representatividade.
- e) Sanción disciplinaria ou resolución xudicial que comporte inhabilitación para ocupar cargos na organización deportiva ou privación da licenza federativa.
- f) Cambio ou modificación da situación federativa que implique a alteración das condicións e requisitos esixidos para a súa elección, ou baixa na licenza federativa,





Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



sendo requisito necesario a apertura do correspondente expediente contradictorio con audiencia ao interesado no prazo de dez días.

Transcorrido ese prazo, a Xunta Directiva da Federación resolverá sobre a baixa. Esta resolución comunicaráselle á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, o día seguinte ao da súa adopción e notificaráselle ao interesado, que poderá interpor recurso contra a mesma, perante a Comisión Electoral Federativa, no prazo de cinco días naturais dende a notificación.

### **Artigo 38. –Competencias.**

Son competencias exclusivas da Asemblea Xeral:

- a) A aprobación das normas estatutarias e as súas modificacións.
- b) A aprobación e liquidación do orzamento anual da Federación.
- c) A elección, mediante sufraxio libre igual e segredo, do Presidente e da Comisión Delegada da Federación, así coma do cese dos mesmos.
- d) A designación dos membros do Comité de Disciplina Deportiva da Federación.
- e) A designación dos membros do Comité de Apelación.
- f) A resolución da moción de censura ao Presidente.
- g) Adoptar o acordo de disolución voluntaria da Federación ou coñecer da disolución non voluntaria e artellar o procedemento de liquidación.
- h) Aprobación do calendario ou programa deportivo anual, a desenvolver pola Federación.
- i) Aprobar as normas de expedición e revogación das licenzas federativas así como as cotas das mesmas, as cotas por competición, cursiños, xornadas e reciclaxe, sempre que por circunstancias excepcionais non se delegasen esas competencias á Xunta Directiva.
- j) Aprobar as operacións económicas que impliquen o gravame ou alleamento dos seus bens inmoables, de habelos, ou que impliquen comprometer gastos de carácter plurianual.
- k) A aprobación e modificación dos seus regulamentos deportivos, electorais e disciplinarios.
- l) Resolver aquelas outras cuestións que sexan sometidas a súa consideración na convocatoria e se achen na Orde do Día.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



m) A aprobación da creación de órganos territoriais da Federación.

n) Aprobación do Regulamento sobre conciliación extraxudicial ou arbitraje.

n) Calquera outra que se lle atribúa nos presentes Estatutos o se lle outorguen regulamentariamente.

### **Artigo 39. – Sesións.**

A Asemblea Xeral reunirse en sesión plenaria e con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano para a aprobación das contas e memoria das actividades deportivas da tempada e exercicio social anterior, así coma do calendario de competicións, programas deportivos e orzamento anual para a seguinte.

Poderán convocarse sesións de carácter extraordinario a iniciativa do Presidente ou dun número de membros da Asemblea Xeral non inferior ao 25% dos mesmos.

### **Artigo 40. – Convocatoria.**

1. A convocatoria deberá facela sempre o Presidente, por un medio do que quede constancia do seu recibo, a tódolos membros da Asemblea Xeral con expresa mención do lugar, día e hora do seu desenvolvemento en primeira e segunda convocatoria, así como a Orde do Día dos asuntos a tratar aos que se lles acompañará, ou se lle engadirá nota de estar a disposición, os documentos relativos á mesma. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá mediar un prazo de ao menos trinta minutos. En tódolos casos deberá publicarse na páxina da Federación [www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org).

2. As convocatorias faranse cunha antelación mínima de dez días naturais ao do seu desenvolvemento.

3. Tódalas demais Asembleas serán de carácter extraordinario. Convocaraas o Presidente da Federación sempre que o estime oportuno, ou a petición dun número de membros que integren a Asemblea Xeral non inferior ao 25%. Neste caso, os solicitantes deberán formular unha petición por escrito dirixida ao Presidente da Federación indicando os puntos que comporarán a Orde do Día. O Presidente, nun prazo máximo de 10 días naturais dende a entrada da petición no rexistro da Federación deberá convocar a Asemblea Xeral con carácter Extraordinario. Cos requisitos de forma sinalados nos Estatutos e coa Orde do Día solicitada, sen engadir ningún outro punto. A Asemblea deberá facerse nun prazo non superior a 20 días naturais dende a data da convocatoria. No caso de negarse expresamente o Presidente a facer a convocatoria, os solicitantes poderán facer uso dos dereitos que a lexislación vixente lles recoñece, perante a Secretaría Xeral Para o Deporte, para a convocatoria dos órganos colexiados de goberno.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

 XUNTA  
DE GALICIA

 DEPORTE  
GALEGO

4. Cando o Presidente da Federación decate a existencia dunha situación urxente que non permita demora na convocatoria da Asemblea Xeral, poderá convocala sen estar suxeito a prazo nin requisito de forma algunha, agás a citación persoal dos asembleístas que poidan ser localizados nos enderezos ou contactos (mail, móvil etc.) que consten na Federación. En todo caso a Asemblea requirirá coma mínimo a presenza dos 2/3 dos seus membros e, antes de analizar a Orde do Día, pronunciarase previamente por maioría dos asistentes sobre a urxencia da convocatoria e a necesidade, ou non, de que se faga esa Asemblea. A Asemblea convocada desta maneira non poderá modificar os Estatutos.

#### **Artigo 41 – Constitución.**

A Asemblea Xeral quedará válidamente constituída cando concorran en primeira convocatoria, presentes ou representados, a maioría dos seus membros e, en segunda convocatoria, sexa cal sexa o números dos mesmos, sempre que se achen presentes o Presidente e o Secretario. Agás no caso de urxencia contemplado no parágrafo 4. do artigo 40. anterior.

#### **Artigo 42. – Presidencia.**

1. O Presidente da Federación presidirá as reunións da Asemblea Xeneral e moderará os debates, regulando o uso da palabra e sometendo a votación as propostas ou acordos a adoptar. O Presidente resolverá as cuestións de orde e procedemento que puideran darse.

2. Antes de entrar a debater os asuntos previstos na Orde do Día procederase, no caso da primeira convocatoria, ao reconto de asistentes, mediante a verificación dos asembleístas de conformidade coa normativa de aplicación.

#### **Artigo 43. - Asistencia de persoas non membros da Asemblea.**

O Presidente, a iniciativa propia ou a petición dun terzo dos membros da Asemblea Xeral, poderá convocar ou permitir a asistencia ás sesións da mesma de persoas que non sexan membros dela, para informar dos temas que se soliciten, actuar de federativos, secretarios de mesa ou asesores, ou asistir coma invitados.

Poderán asistir ás reunións da Asemblea Xeral, con voz e sen voto, os membros da Xunta Directiva da Federación que non o sexan da Asemblea Xeral.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



#### **Artigo 44. - Acordos.**

1. A votación será segreda na elección de Presidente e na moción de censura. Será pública nos demais casos, agás se a cuarta parte dos asistentes solicita a votación segreda.
2. O Presidente terá voto de calidade, e no caso de empate, na adopción dos acordos da Asemblea Xeral.
3. Non será admisible de ningunha maneira para formular a vontade dos órganos colexiados da Federación, nin para establecemento de quórum, o voto por correo nin a delegación do voto sendo, por isto, necesaria a presenza física dos seus membros. Exceptuando as eleccións de membros da Asemblea Xeral (de acordo co Regulamento Electoral). Con carácter excepcional as Entidades Deportivas poderán ser representadas de conformidade cos seus propios Estatutos, pero o representante non poderá ser membro da Asemblea Xeral. Ninguén poderá ser depositario, na Asemblea Xeral, de máis dunha delegación de voto.
4. As votacións no seo da Asemblea Xeral faranse da maneira e na orde que a Presidencia estableza, sendo ela quen decide se han de ser ordinarias ou nominais; se ao menos o vinte e cinco por cento dos asistentes solicita unha modalidade determinada, a maneira de votación decidirase por maioría simple dos membros da Asemblea Xeral.
5. A Asemblea Xeral será presidida polo Presidente da Federación e o seu voto, no caso de empate, será de calidade. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos asistentes.
6. Aos efecto de cómputo de quórum e maiorías, cando estes se compoñan dun número inexacto de asembleístas, calcularanse sempre por exceso e con referencia ao número de aqueles efectivamente existentes coma membros da Asemblea Xeral, descontadas as vacantes.
7. Os votos contrarios ao acordo ou acordos adoptados, ou as abstencións motivadas, eximirán a quen os emita ou emitan de calquera responsabilidade derivada deses acordos.
8. Os acordos da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada, serán vinculantes e de obrigado cumprimento para a totalidade dos órganos, persoas e entidades que integran a Federación e terán forza executiva a partir da data da súa adopción.
9. A Asemblea Xeral non poderá adoptar acordo algún nin realizar ningún acto que poida comprometer, de forma irreversible, o seu patrimonio ou a actividade que constitúe o obxectivo propio da Federación.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



**10.** No caso de dúbida, ou a petición dun 5% dos membros de dereito da Asemblea, será requisito indispensable, a emisión dun informe favorable por parte dos organismos competentes da Xunta de Galicia.

#### **Artigo 45. – O Secretario.**

**1.** Para o desempeño das funcións administrativas, na Federación haberá un Secretario que será designado e separado polo Presidente. Serán funcións da persoa titular da secretaría a redacción das actas e custodia destas e dos arquivos da Federación.

**2.** O Secretario da Federación serao tamén da Asemblea Xeral. Na súa ausencia, actuará coma Secretario outro membro da Federación que designe o Presidente ou, no seu defecto ou non aceptación polo designado, o membro de menor idade da Asemblea.

#### **Artigo 46. – Acta.**

**1.** A Acta de cada reunión especificará os nomes dos asistentes, as persoas que interveñan e o contido fundamental das deliberacións, así coma o texto dos acordos que se adopten e o resultado das votacións e, no seu caso, os votos particulares contrarios aos acordos adoptados.

**2.** Poderá ser aprobada ao rematar a sesión do Pleno correspondente, sen prexuízo da súa posterior remisión aos membros do mesmo. No caso de non ser aprobada ao final da sesión, nomearase a tres persoas como interventores para a posterior aprobación da acta nun prazo non superior a un mes tralo cal será enviada a tódolos membros nos tres días seguintes a súa aprobación. De ditos interventores, polo menos un será nomeado pola persoa ou persoas, de habelas, que houbesen votado contra algún dos acordos.

No caso de non ser sometida á aprobación ao final da reunión, remitiráselles a tódolos membros da Asemblea, nun prazo máximo de quince días, un resumo dos acordos para a información e difusión xeral dos acordos acadados.

### **Sección Segunda. O Presidente.**

#### **Artigo 47. - O Presidente.**

**1.** O Presidente da Federación é o órgano executivo da mesma. Desempeña a súa representación legal en xuízo e fóra del, podendo facer outorgamento de poderes exclusivamente xudiciais e sinatura de declaracións e contratos, convoca e preside os



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



órganos superiores de goberno e representación, e executa ou ordena os acordos dos mesmos.

2. O Presidente nomea e cesa aos membros da Xunta Directiva da Federación.

3. O Presidente da Federación exercerá as seguintes funcións:

a) Presidir e dirixir a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

b) O voto de calidade, no caso de empate, nos órganos que presida.

c) Estimular e coordinar as actuacións dos distintos órganos federativos.

d) Ordenar pagos a nome da Federación, asinando co Tesoureiro da federación, os documentos aos efectos.

e) Conferir poderes xerais ou especiais a Letrados, Procuradores ou calquera outra persoa mandataria para que desempeñe a súa representación legal, tanto en xuízo coma fóra del, así coma contratar a persoal técnico ou aos profesionais necesarios para o bo funcionamento da Federación, dentro dos lindes que lle permitan os orzamentos aprobados pola Asemblea Xeral.

f) Sinatura de contratos e convenios.

#### **Artigo 48. – Mandato.**

O Presidente da Federación será elixido cada catro anos, no momento de constitución da Asemblea Xeral, coincidindo cos anos dos Xogos Olímpicos de Inverno e mediante sufraxio libre, directo e segredo polos membros da Asemblea Xeral.

No caso de que, excepcionalmente, fiquen vacante a Presidencia antes do transcurso do prazo para o que fora elixido, considerarase dimisionaria toda a Xunta Directiva, constituíndose a Comisión Delegada en Comisión Xestora, presidida polo membro de maior idade. Convocarás á Asemblea Xeral e farase unha nova elección de Presidente para cubrir a vacante, polo tempo que falte hasta cumprirse o prazo correspondente ao mandato ordinario.

#### **Artigo 49. - Candidatos.**

Os candidatos a Presidente da Federación deberán figurar no cendo electoral ás eleccións á Asemblea Xeral, sen que teñan que ser necesariamente membro desta. A presidenta ou o presidente é o órgano executivo da Federación, exerce a representación legal e preside os órganos de representación e de goberno executando os seus acordos.





Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## **Artigo 50. - Elección.**

A elección do Presidente da Federación farase por votación dos membros da Asemblea Xeral, rexida polo regulamento electoral da Federación, aprobado en Asemblea Xeral Extraordinaria conforme á normativa e lexislación vixente en cada momento e nestes Estatutos. A persoa titular da presidencia será elixida mediante sufraxio libre, igual e segredo polos compoñentes da Asemblea Xeral, non podendo desempeñar ningunha outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa.

Non se poderá simultanear a presidencia, nin calquera outro cargo directivo dun club deportivo, coa presidencia da federación deportiva na que se integre o devandito club.

## **Artigo 51. - Substitución.**

1. No caso de ausencia, enfermidade, incapacidade ou vacante, substituirao o Vicepresidente, sen prexuízo das delegacións que considere oportuno facer, quen ademais o axudará normalmente nas súas funcións.

2. A substitución na Presidencia da Asemblea, no caso de que o Vicepresidente non sexa membro da mesma, recaerá no membro que sexa designado pola Asemblea entre os asistentes.

## **Artigo 52. - Cese.**

1. O Presidente cesará por:

- a) Esgotarse o prazo para o que foi elixido.
- b) Por falecemento.
- c) Por dimisión.
- d) Por incapacidade legal sobrevida.
- e) Por prosperar unha moción de censura nos termos que se regulan os presentes Estatutos.
- f) Por inhabilitación ou destitución do cargo acordada en sanción disciplinaria firme en vía administrativa.
- g) Por incorrer en causas de inelixibilidade ou incompatibilidade. Neste derradeiro caso disporía dun prazo dun mes para cesar no posto que lle resulte incompatible co de Presidente da Federación.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



2. Cando o Presidente cese por falecemento, dimisión, inhabilitación ou calquera outra causa legal ou estatutaria, que non sexa a finalización do mandato ou ter prosperado unha moción de censura, a Comisión Delegada pasará a ser Comisión Xestora e convocará, nos dez días seguintes ao cese, unha Asemblea Xeral Extraordinaria para elixir novo presidente conforme ao disposto no Regulamento Electoral e nos Estatutos da Federación así como na lexislación autonómica, pola que se regulan os procesos electorais das federacións deportivas galegas. O prazo de convocatoria da mesma no poderá exceder en ningún caso dun mes dende a data do cese.

3. De prosperar unha moción de censura regulada no artigo 54 destes Estatutos, o Presidente saínte estará cesado dende o momento da votación e simultaneamente o candidato alternativo considerárase elixido e investido novo Presidente.

4. Ao cese ou cumprimento do seu mandato, sexa cal sexa a causa, o Presidente saínte está obrigado a entregar o material deportivo e administrativo e render contas da súa xestión económica e deportiva, por escrito, á persoa que o substitúe no cargo.

### **Artigo 53. - Vacante.**

No caso de que, excepcionalmente, fiquen vacante a presidencia por calquera causa que non sexa a finalización do mandato ou o ter prosperado unha moción de censura, a Asemblea Xeral Extraordinaria, que se desenvolverá no prazo dun mes, procederá a elixir novo Presidente polo tempo que falte ata o remate do prazo correspondente ao mandato ordinario.

### **Artigo 54. - Moción de censura.**

1. A moción de censura contra o Presidente da Federación haberá de formularse por escrito, mediante solicitude ao Presidente da Comisión Electoral na que consten as sinaturas e os datos necesarios para a identificación dos seus promotores, que serán, coma mínimo, os que consten no arquivo federativo, acreditando o apoio de polo menos o 25% dos membros da Asemblea Xeral. A moción de censura deberá incluír necesariamente un candidato alternativo a Presidente.

2. No prazo de cinco días dende a presentación da moción de censura, constituirase unha mesa integrada por dous membros da directiva e os dous primeiros asinantes da solicitude e un quinto membro elixido pola Comisión Electoral, e comprobarán a admisibilidade ou non da moción de censura, e no caso de ser admitida, solicitará ao Presidente e a Xunta Directiva que se convoque Asemblea Xeral Extraordinaria, para o seu desenvolvemento nun prazo non superior a un mes dende a súa presentación.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



3. A Asemblea, os seus debates e a votación serán dirixidos pola Mesa, que resolverá, por maioría, cantos incidentes e reclamacións se produzan. Rematada a votación, a Mesa realizará o escrutinio. Para ser aprobada, a moción de censura require o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Asemblea Xeral. Se así ocorre, o candidato alternativo será elixido Presidente da Federación.

4. So caberán impugnacións, calquera que fose a súa natureza unha vez concluída a Asemblea, despois de ser rexeitada ou prosperar a moción de censura. Esas impugnacións deberán facerse, no prazo de tres días, perante a Comisión Electoral, que resolverá noutros tres días, e, no seu caso, proclamará definitivamente Presidente ao candidato alternativo electo, sen prexuízo dos recursos administrativos e xurisdicionais que procedan. As mesmas impugnacións e recursos proceden contra a decisión da Mesa de non tramitar a moción de censura.

5. Tan só se poderán presentar dúas mocións de censura en cada mandato da Asemblea, e, entre elas, deberá transcorrer, coma mínimo, un ano.

#### **Artigo 55. - Remuneración.**

Tódolos cargos da Federación serán gratuítos e, no caso de establecerse unha compensación económica a favor de algún dos membros da Xunta Directiva, deberá ser expresamente acordada pola Asemblea Xeral e constar de xeito diferenciado no orzamento. Baixo ningún concepto, esta compensación económica, poderá ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que reciba a Federación. Non obstante, tódolos membros da Federación terán dereito ás indemnizacións correspondentes aos gastos ocasionados polo desempeño dos seus cargos. Estes gastos deberán estar debidamente xustificadas e documentadas, sendo en todo momento fiscalizadas e controladas polo Tesoureiro que ten potestade para aprobalos ou rexeitalos.

#### **Artigo 56. – Incompatibilidade.**

O cargo de Presidente da Federación é incompatible co desempeño de calquera outro nesta mesma Federación, ou en algún dos clubs ou seccións deportivas integradas nela, así coma co exercicio a título persoal ou coma administrador ou socio de algunha entidade que teña actividades comerciais ou profesionais directamente relacionadas coa Federación. A ocupación de cargos directivos noutras Federacións Deportivas, agás na Federación Española da mesma especialidade deportiva.

A persoa que resulte elixida Presidente da Federación, deberá cesar en todo tipo de actividades directivas ou técnicas no deporte específico, no ámbito territorial da Federación. Non existirá incompatibilidade algunha, en ningún caso, coa práctica oficial do deporte da pesca.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## Sección Terceira. A Xunta Directiva.

### Artigo 57. - A Xunta Directiva.

1. A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión, representación e administración da Federación. Estará presidida polo Presidente, e integrada polos vocais que este designe libremente.

2. A Xunta Directiva asiste ao Presidente no cumprimento das súas funcións e, en particular, na elaboración do proxecto de orzamentos e das contas anuais da Federación, elaboración da memoria anual de actividades, coordinación das actividades das distintas Delegacións Territoriais, designación de técnicos das Seleccións Deportivas galegas, concesión de honras e recompensas e na adopción de disposicións interpretativas dos Estatutos e Regulamentos Federativos.

3. Para ser membro da Xunta Directiva non será necesario formar parte da Asemblea Xeral, pero si da Federación.

4. Serán competencias da Xunta Directiva:

- Preparar os relatorios e documentos que sirvan de base á Asemblea Xeral para que a mesma exerza as funcións que lle corresponden.

- Resolver os recursos que se interpoñan fronte ás ordes emitidas polos Delegados Territoriais polas que estes deneguen a algunha persoa, club ou sección deportiva o ingreso na Federación, ou a anovación da correspondente licenza federativa.

- Propor a aprobación do Regulamento Electoral á Asemblea Xeral e á Presidencia, e dos regulamentos internos da Federación, tanto técnicos coma de competición e das súas modificacións.

- Colaborar co Presidente na dirección económica, administrativa e deportiva da Federación, na execución dos acordos dos demais órganos colexiados superiores de goberno e representación da mesma.

- Aprobar o troco de domicilio da sede da Federación nas condicións previstas nos presentes Estatutos.

- En xeral, o tratamento e resolución de tódalas tarefas da súa competencia ou que lle fosen delegadas.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## **Artigo 58. – Composición e incompatibilidades:**

1. O número dos seus membros non poderá ser inferior a cinco nin superior a quince, estando composta, coma mínimo, polo Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e un Vocal.
2. Son causas que impiden desempeñar cargos na Xunta Directiva:
  - a) No ter residencia habitual en España.
  - b) Ter sido declarado incapaz por sentenza firme.
  - c) Ter sido condenado a inhabilitación por sentenza ou sanción administrativa firme.
  - d) Ser presidente ou directivo doutra federación deportiva.
  - e) A realización de actividades comerciais directamente relacionadas coa Federación.

## **Artigo 59. – Nomeamento e cese.**

Os membros da Xunta Directiva serán nomeados e cesados libremente polo Presidente. De tal decisión informarse á Asemblea Xeral.

O Presidente elixirá entre os membros da Xunta Directiva un Vicepresidente, que o será tamén da Federación. Substituirá ao Presidente por delegación, no caso de imposibilidade física ou ausencia temporal.

Estes cargos, ao estaren baseados na confianza, poderán ser trocados polo Presidente cando o considere conveniente.

Os membros da Xunta Directiva que non o sexan da Asemblea Xeral, terán acceso á mesma, con dereito a voz pero sen voto.

O mandato da Xunta Directiva coincidirá co do Presidente. No suposto de cese ou dimisión do Presidente, tamén o farán tódolos membros da Xunta Directiva.

## **Artigo 60. – Convocatoria e constitución.**

Correspóndelle ao Presidente, a iniciativa propia ou a instancia da terceira parte dos seus membros, a convocatoria da Xunta Directiva, que conterà o lugar, data e hora da súa reunión, así como a Orde do Día. A Xunta Directiva reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez dentro de cada trimestre natural, e ademais cantas máis veces sexa necesario.

A convocatoria deberá ser comunicada, polo menos, con sete días de antelación, agás nos casos urxentes, nos que bastará unha antelación de 48 horas.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



Quedará válidamente constituída cun mínimo de tres membros asistentes, sempre que un deles sexa o Presidente ou o Vicepresidente.

Igualmente quedará válidamente constituída a Xunta Directiva, inda que non se houberen cumprido os requisitos de convocatoria, se concorren todos os seus membros e así o acordan por unanimidade.

### **Artigo 61. – Actas.**

Das reunións levantaránse as correspondentes Actas que se someterán a súa aprobación ao final da sesión respectiva ou ao comezo da seguinte, coma primeiro punto da Orde do Día.

### **Artigo 62. – Acordos.**

Os acordos da Xunta Directiva serán adoptados pola maioría simple, tendo o Presidente voto de calidade en caso de empate, e serán inmediatamente executivos.

### **Artigo 63. Responsabilidades do Presidente, membros da Xunta Directiva e demais órganos da Federación.**

1. O Presidente, os membros da Xunta Directiva ou dos órganos da Federación que estatutariamente puidesen establecerse serán persoalmente responsables, fronte á propia Federación, fronte aos seus membros ou fronte a terceiros:

a) Das obrigas que contraese a Federación e que non teñan, ou tivesen, o adecuado apoio contable, non figuren nas contas presentadas e aprobadas, ou sexan obxecto dunha contabilización que non reflecta a natureza e o alcance da obriga en cuestión, e que distorsione a imaxe fiel que debe producir aquela.

b) Das obrigas que contraese contra a prohibición expresa doutros órganos federativos competentes ou da Administración autonómica, así como das obrigas que impliquen un déficit non autorizado ou fóra dos lindes da autorización.

c) En xeral, dos actos ou das omisións que supoñan un prexuízo para a Federación cando sexan realizados vulnerando normas de obrigado cumprimento.

2. A responsabilidade descrita no parágrafo anterior poderase esixir no caso de existencia de dolo ou culpa na actuación dos suxeitos responsables. En todo caso, quedarán exentos de responsabilidade aqueles que votasen en contra do acordo ou non interviñesen na súa adopción ou execución, ou aqueles que o descoñecesen ou, coñecéndoo, se opuxesen expresamente a aquel.





Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

 XUNTA  
DE GALICIA

 DEPORTE  
GALEGO

**3.** A responsabilidade regulada neste artigo é independente da responsabilidade disciplinaria na que se puidese incorrer, e que se esixirá consonte as disposicións xerais da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.

### **Sección Cuarta. A Comisión Delegada**

#### **Artigo 64. – A Comisión Delegada.**

No seo da Asemblea Xeral deberá de constituírse unha Comisión Delegada que terá carácter electivo e será un órgano de goberno e representación da Federación.

A Comisión Delegada será elixida pola Asemblea Xeral na primeira reunión que se faga despois da súa constitución, mediante sufraxio, entre os membros da mesma. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral. Estará integrada por un mínimo de 5 membros e un máximo de 10. De haber algunha vacante cubriríase co seguinte candidato máis votado.

O Presidente da Federación convocará á Comisión Delegada que se reunirá, coma mínimo cada 4 meses para os fins da súa competencia e, polo menos, para realizar o seguimento da xestión económica e deportiva da Federación.

Correspóndelle á Comisión Delegada da Asemblea Xeral:

- a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos.
- b) A modificación do calendario deportivo.
- c) A modificación dos orzamentos e dos Regulamentos.
- d) O seguimento da xestión económica e deportiva da Federación.

As modificacións non se poderán exceder dos lindes e criterios que a propia Asemblea Xeral estableza.

A proposta sobre os temas que se van tratar na Comisión Delegada correspóndelle ao Presidente ou aos dous terzos dos membros da Comisión Delegada.

#### **Artigo 65. – Cese.**

Os membros da Comisión Delegada cesarán polas seguintes causas:

- a) Morte.
- b) Disolución da entidade á que representan.
- c) Expiración do mandato para o que foi elixido.
- d) Renuncia voluntaria ou dimisión.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



- e) Estar incurso en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade legal ou estatutaria.
- f) Sanción disciplinaria imposta de forma regulamentaria que implique o cese no cargo que desempeñe.
- g) Perda voluntaria ou por sanción administrativa firme da licenza federativa.
- h) Por acordo da Asemblea Xeral conforme ao artigo 38. – c) dos presentes Estatutos.

## CAPITULO III - ORGANOS DE ADMINISTRACIÓN.

### Sección Primeira. A Secretaría Xeral.

#### **Artigo 66. – O Secretario Xeral. Nomeamento e Cese.**

A Secretaría Xeral é o órgano administrativo da Federación que, ademais das funcións que se recollen no artigo 67. - estará encargado do seu réxime de administración consonte aos principios de legalidade, transparencia e eficacia, con suxeición aos acordos dos órganos de goberno, aos presentes Estatutos e aos regulamentos federativos.

Á fronte da Secretaría Xeral estará o Secretario Xeral, que o será tamén da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, tendo voz pero non voto.

O Secretario Xeral será nomeado e cesado polo Presidente da Federación, dependendo directamente del, e exercerá as funcións de fedatario dos actos e acordos, así como da custodia dos arquivos documentais da Federación.

No caso de ausencia será substituído pola persoa que designe o Presidente.

#### **Artigo 67. – Funcións.**

Son funcións propias do Secretario Xeral:

- a) Levantar Acta das sesións dos Órganos nos que actúa coma Secretario.
- b) Expedir as certificacións oportunas, co visto e prace do Presidente, dos actos e acordos adoptados polos órganos federativos.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



- c) Velar polo cumprimento dos acordos citados no anterior punto.
- d) Levar os Libros federativos.
- e) Preparar as estatísticas e a memoria da Federación.
- f) Resolver e despachar os asuntos xerais da Federación.
- g) Prestar o asesoramento oportuno ao Presidente nos casos nos que fose requerido para ilo.
- h) Preparar a documentación e os informes necesarios para as reunións dos órganos nos que actúa coma Secretario.
- i) Velar polo cumprimento das normas xurídico-deportivas que afecten a actividade da Federación, reclamando o asesoramento externo necesario para a boa marcha dos distintos órganos federativos.
- j) Facilitar aos directivos e órganos federativos os datos e antecedentes que precisen para os traballos da súa competencia.
- k) Coidar das relacións públicas da Federación exercendo tal responsabilidade, ben directamente, ben a través dos departamentos federativos creados ao efecto.
- l) Aquelas que lle sexan asignadas polo Presidente da Federación.

## **Sección Segunda. O Tesoureiro.**

### **Artigo 68. – O Tesoureiro.**

O Tesoureiro da Federación é a persoa responsable do exercicio das funcións de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira, patrimonial e de contabilidade e tesourería.

### **Artigo 69. – Funcións.**

Exercerá coma funcións propias:

- a) Levar a contabilidade da Federación.
- b) Exercer a inspección económica de tódolos órganos da Federación.
- c) Elaborar e presentar informes á Comisión Delegada do estado contable da Federación.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



d) Calquera outra función que lle encomenden os Estatutos e Regulamentos da Federación, ou lle sexa delegada por calquera dos seus órganos de goberno ou representación.

## **CAPITULO IV - ORGANOS TECNICOS.**

### **Sección Primeira. Comité de Xuíces.**

#### **Artigo 70. - Composición e funcións.**

1. No seo da Federación constituirase un Comité Técnico de Xuíces, cuxo Presidente e vocais, de un a catro, serán nomeados e cesados polo Presidente da Federación. Deste Comité, ao menos o Presidente, pertencerá á Xunta Directiva.

Os seus acordos adoptaranse por maioría simple, tendo voto de calidade o Presidente no caso de empate.

2. Correspóndelle ao Comité Técnico de Xuíces, as seguintes funcións:

a) Establecer os niveis de formación de xuíces de conformidade cos fixados pola Federación Deportiva española e coordinar, dirixir, desenvolver e avaliar os cursos de formación.

b) Propoñer a clasificación técnica dos xuíces e asignarlles as categorías que, por razón de méritos ou formación, en cada caso lles correspondan.

c) Propoñer os métodos retributivos dos mesmos.

d) Coordinar coa Federación Deportiva española os niveis de formación.

e) Nomear, atendendo a criterios obxectivos, aos Xuíces que dirixan e resolvan as competicións oficiais e oficiosas de ámbito galego.

f) Informar dos seus membros cando lles sexa requirido por outros órganos.

### **Sección Segunda. O Comité de Técnicos e Adestradores.**



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tíns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## **Artigo 71. - Composición e funcións.**

**1.** O Comité de Técnicos e Adestradores estará constituído por un Presidente e de un a tres vocais, designados polo Presidente da Federación. O Presidente, ao menos, pertencerá á Xunta Directiva.

**2.** O Comité de Técnicos e Adestradores desempeña as funcións de goberno e representación dos adestradores e técnicos da Federación, e terá, entre outras, as seguintes funcións:

**a)** Propor, de conformidade coas normas vixentes, os métodos complementarios de formación e perfeccionamento.

**b)** Emitir informe razoado sobre as solicitudes de licenza formalizadas polos técnicos e adestradores en Galicia.

**c)** Propor, e no seu caso, organizar, desenvolver e avaliar os cursos ou probas de perfeccionamento e actualización para técnicos e adestradores.

**d)** Executar e dirixir a política de ensino e titulacións da Federación.

**e)** Preparar e executar os seus cursos e programas e especialmente, de ser o caso, os relativos á autorización administrativa para o pescador.

**f)** Coordinar, de ser o caso, o funcionamento das distintas escolas territoriais.

**g)** Formar aos técnicos, aos adestradores, así como organizar xornadas, encontros e cursiños para o ensino e actualización dos dirixentes dos clubs.

**h)** Regular e dar as instrucións necesarias para o bo funcionamento da Escola de Titulacións de Pesca, sempre que a Federación estea debidamente habilitada pola Consellería competente da Xunta de Galicia, para poder tela.

**i)** Regular, propoñer os curriculum específicos e dar as instrucións necesarias para poder impartir as ensinanzas de Técnicos Deportivos, que, caso de querer que teñan validez oficial, haberán de aterse ao contemplado na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia e dos decretos e regulamentos que a desenvolvan.

**j)** Regular e dar as instrucións necesarias para, de ser o caso, impartir cursos, reciclaxes e perfeccionamento dos pescadores.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

 **XUNTA  
DE GALICIA**

 **DEPORTE  
GALEGO**

## **CAPÍTULO V - OS COMITÉS DE MODALIDADES ESPECÍFICAS.**

### **Artigo 72.- Composición e funcións.**

1. Cada especialidade deportiva dentro da modalidade de pesca deportiva, terá constituído un Comité que será o órgano responsable de executar e coordinar as actividades relativas a súa modalidade, ademais de asesorar técnicamente aos participantes e aos órganos da propia Federación, todo ilo baixo o mandato da Xunta Directiva e do Presidente, preparando os programas e calendarios de competicións, adestramentos das seleccións autonómicas de cada especialidade e difundir os regulamentos e normativas vixentes en cada momento, emitindo anuncios, circulares e instrucións para a súa aplicación.

2. Estarán formados polos membros elixidos polo Presidente da Federación, quen tamén elixirá aos seus presidentes, entre afiliados de probado ou recoñecido coñecemento na materia que estime conveniente.

3. Existirán os seguintes Comités:

- Comité de Mar Costa.
- Comité de Embarcación.
- Comité de Auga Doce.
- Comité de Salmónidos.
- Comité de Black Bass.

4. A Xunta Directiva poderá crear novos comités específicos en especialidades onde non estean nomeados ou en aquelas especialidades de nova creación.

## **CAPITULO VI - ÓRGANOS XURISDICCIONAIS.**

### **Sección Primeira. O Comité de Disciplina Deportiva.**



Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



### **Artículo 73.- Natureza e funcións.**

1. A potestade disciplinaria deportiva na Federación correspóndelle ao seu Comité de Disciplina Deportiva, quen a exercerá sobre as persoas ou entidades integradas nela, clubs e seccións deportivas, deportistas, técnicos, xuíces, directivos e en xeral, sobre tódolos que, de forma federada, desenvolvan a modalidade deportiva da Pesca en tódalas súas clases e especialidades.
2. Correspóndelle ao Comité de Disciplina Deportiva da Federación a resolución das cuestións disciplinarias que sobreveñan como consecuencia de infraccións ás regras da competición e ás normas xerais deportivas.
3. Na súa actuación diferenciaranse as fases de instrución e resolución, de xeito e maneira que se desenvolvan de forma neutral e independente entre si. As actuacións do Comité de Disciplina ateranse ao disposto no Regulamento de Disciplina (Anexo I dos presentes Estatutos).
4. As súas resolucións non esgotan a vía federativa, contra elas poderase interpor recurso perante o Comité de Apelación da Federación.
5. As resolucións ditadas polo Comité de Disciplina Deportiva sobre expedientes que adquirisen o carácter de firmes, publicáranse no taboleiro de anuncios da sede da Federación.

### **Artigo 74.- Composición.**

1. O Comité de Disciplina da Federación estará formado por tres membros, coa formación ou coñecementos adecuados, todos eles elixidos pola Asemblea Xeral por un período de catro anos.
2. A condición de membro do Comité de Disciplina Deportiva é incompatible con calquera outro cargo dentro da Xunta Directiva, así como coa condición de membro da Asemblea Xeral.
3. O Comité de Disciplina da Federación aterase ao recollido no Regulamento de Réximen dos Comités de Disciplina e de Apelación da Federación Galega de Pesca e Casting (Anexo II dos presentes Estatutos).

### **Sección Segunda. O Comité de Apelación.**





Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



### **Artigo 75. Composición.**

O Comité de Apelación integraran un Presidente e dous vocais, coa formación adecuada e específica na materia, que serán nomeados, pola Asemblea Xeral por un período de catro anos.

### **Artigo 76. Funcións.**

1. É competencia do Comité de Apelación coñecer, en segunda e última instancia federativa, dos recursos interpostos contra as resolucións do Comité de Disciplina Deportiva, ao abeiro do disposto no Regulamento de Disciplina Deportiva e demais normativa vixente. O Comité de Apelación poderá ratificar ou correxir as resolucións adoptadas polo Comité de Disciplina Deportiva.

2. A pertenza ao Comité de Disciplina Deportiva determinará a incompatibilidade para formar parte do Comité de Apelación. A duración do mandato dos membros do Comité de Apelación será de catro anos.

3. As resolucións ditadas polo Comité de Apelación esgotan a vía federativa. Non obstante, caberá recurso contra as mesmas perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

4. O Comité de Apelación da Federación aterase ao recollido no Regulamento de Réximen dos Comités de Disciplina e de Apelación da Federación Galega de Pesca e Casting (Anexo II dos presentes Estatutos).

### **Artigo 77. Causas de abstención e recusación.**

1. Serán aplicables aos membros dos Comités de Disciplina Deportiva e de Apelación as causas de abstención e recusación previstas no Regulamento de Disciplina, no Regulamento de Réximen destes Comités, e na lexislación vixente que lle sexa de aplicación.

### **Artigo 78. Publicidade das resolucións.**

1. As resolucións do Comité de Disciplina Deportiva e do Comité de Apelación poderán facerse públicas, total ou parcialmente, respectando o dereito á honra e á intimidade das persoas.

## **CAPÍTULO VII - DA ORGANIZACIÓN TERRITORIAL.**

### **Sección primeira. As Delegacións Territoriais.**



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## **Artigo 79. Estrutura e funcionamento.**

1. A estrutura territorial da Federación acomodarse á organización territorial da Comunidade Autónoma, articulándose a través das Delegacións Territoriais.
2. As Delegacións Territoriais, que estarán subordinadas xerárquicamente aos órganos de goberno e representación da Federación, desempeñarán a representación da mesma no seu ámbito provincial e rexeranse polas normas e regulamentos emanados da Federación.

## **Artigo 80. Delegados.**

Á fronte de cada Delegación existirá un Delegado Territorial, que será designado e cesado polo Presidente da Federación e que deberá ter a condición de membro da Asemblea Xeral, agás no suposto de que goce da condición de membro da Xunta Directiva.

## **Artigo 81. Funcións e Obrigas.**

Son funcións propias dos Delegados, todas aquelas que lle sexan asignadas especificamente polo Presidente de entre as súas propias funcións, en canto á execución e dirección da Política Deportiva, Económica ou Administrativa da Federación nesa provincia e en especial as seguintes:

- a) A Promoción do Deporte da Pesca no ámbito do seu territorio.
- b) As relacións coas Administracións Autonómicas e Locais do seu territorio.
- c) A xestión dos recursos económicos e materiais para o desenvolvemento das actividades do seu ámbito.
- d) A Dirección e xestión da Delegación, levando o arquivo documental, desenvolvendo actividades e organizando as competicións ou eventos propios ou delegados pola Federación.
- e) Asistir a cantas reunións e actos lle requira o seu cargo ou a convocatoria do Presidente da Federación.

Os Delegados Territoriais están obrigados a acatar as ordes emanadas dos órganos de goberno da Federación.

No que dure o seu mandato, de forma anual ou periódica e, ao remate do mesmo, teñen a obriga de render contas económicas e resultados deportivos perante o Presidente, a



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



facilitar cantos datos lles sexan requiridos e, de ser o caso, mesmo a contabilidade da Delegación, de forma íntegra, aos efectos da obrigatoria integración desta dentro da contabilidade xeral da Federación. Entregarán, asemade, todo o material administrativo ou deportivo que tivesen no seu poder.

## **CAPITULO VIII - CENSOS, REGULAMENTOS, ÓRGANOS ELECTORAIS E RECURSOS.**

### **Sección primeira. Os Censos.**

#### **Artigo 82. Os Censos.**

Os censos correspondentes a cada estamento electoral comporan tódolos membros da Federación, que reúnan os requisitos establecidos para cada estamento, nos presentes Estatutos e no Regulamento Electoral. Poderán ser electores e elixibles:

- a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (deportistas e xuíces/árbitros) os que reúnan os seguintes requisitos:
  - Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
  - Ter licenza federativa en vigor e tela tido dúas tempadas deportivas anteriores á data da convocatoria de eleccións.
  - Ter participado nun mínimo dunha competición oficial nas dúas tempadas anteriores.
  - Os xuíces deberán ter tido actividade como tais nas dúas tempadas deportivas anteriores coma mínimo.
- b) No caso do estamento de Entidades Deportivas: aquelas que estean inscritas, no ano da convocatoria das eleccións, na Federación (que estean ao corrente das súas obrigas) e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e teñan participado en competicións deportivas. A estes efectos e, con carácter mínimo, deberán de ter participado en catro competicións entre o ano da convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel e, necesariamente, unha delas no ano da convocatoria das eleccións. Non serán elixibles aquelas Entidades Deportivas que formen parte da Asemblea na súa condición de membros natos.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



1. Aos efectos deste artigo entenderase coma competición deportiva, aquela que estivera reflectida no correspondente calendario oficial aprobado pola Asemblea Xeral.
2. Os membros da Federación que pertencen a dous ou máis estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito á Xunta Electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo.
3. No caso de pertenza a varios estamentos sen que se exerza o dereito de opción no período de reclamacións do censo, terase como criterio preferente: primeiro, presidente de entidade deportiva, segundo, xuíz/árbitro e, por último, deportista.

## **Sección segunda. O Regulamento Electoral.**

### **Artigo 83. Regulamento electoral.**

Os procesos electorais desenvolveranse conforme ao Regulamento Electoral que, a proposta do Presidente, deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral e cumprir coa Orde da Secretaría Xeral Para o Deporte, pola que se establecen os criterios para elaboración de Regulamentos e realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas.

O Regulamento Electoral terá que ser ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte e regulará os seguintes puntos:

1. Número de membros da Asemblea Xeral, circunscrición electoral e número de representantes que por cada unha delas correspondan a cada estamento.
2. Calendario Electoral.
3. Censo Electoral.
4. Composición, competencias e funcionamento da Xunta Electoral.
5. Requisitos para a presentación e proclamación de candidatos. Prazos para a presentación de candidatos á membros da Asemblea Xeral, que en ningún caso pode ser inferior a 10 días, e candidatos a Presidente.
6. Procedemento de resolución de conflitos, impugnacións, reclamacións e recursos electorais.
7. Regulamentación do voto por correo nas eleccións á Asemblea Xeral. Non se admitirán votos por correo nas eleccións á Comisión Delegada e Presidente.
8. Composición, competencias, funcionamento e lugar das Mesas Electorais.
9. Elección a Presidente.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## 10. Elección da Comisión Delegada.

### **Artigo 84. Convocatoria de eleccións á Asemblea Xeral.**

Aprobada pola Asemblea Xeral a convocatoria de eleccións e o Regulamento Electoral, o Presidente, no prazo sinalado, convocará eleccións á Asemblea Xeral. Despois diso, a Xunta Directiva e o Presidente constitúense en Comisión Xestora e o Regulamento Electoral someterano á ratificación da Secretaría Xeral para o Deporte.

Segundo as disposicións federativas aprobadas, a Comisión Xestora garantirá a máxima difusión e publicidade das convocatorias de eleccións á Asemblea Xeral e Presidente, tamén do Regulamento Electoral, por un medio que permita asegurar que tódolos membros da Federación Galega de Pesca con dereito a voto recibiron a notificación. Haberá de exporse tamén o Regulamento Electoral en tódalas circunscricións electorais ou na páxina [www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org) ou na que neses intres corresponda á Federación Galega de Pesca.

A Comisión Xestora administrará á Federación, convocará e fará unhas novas eleccións nun prazo máximo de tres meses, no caso de que non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas.

### **Artigo 85. Circunscrición electoral.**

Circunscrición electoral é cada unha das provincias que compoñen a Comunidade Autónoma de Galicia é dicir: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, nas que teñan o seu domicilio, a efectos federativos, cada un dos membros dos diferentes estamentos.

## **Sección terceira. Órganos electorais.**

### **Artigo 86. A Xunta Electoral.**

A Xunta Electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na Asemblea Xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da Xunta Electoral. As candidaturas deberán presentarse na mesma Asemblea na que faga a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma.

Os membros da Xunta Electoral deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade.
- b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
- c) Non presentarse coma candidato a Presidente.
- d) Non ter relación contractual coa Federación.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



- e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que supoña sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.
1. No caso de non presentarse candidatos a membros da Xunta Electoral, o Presidente da Federación proporalle á Asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán tamén reunir os requisitos definidos no apartado anterior.
  2. Actuará coma Presidente e Secretario da Xunta Electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. A asistencia á Xunta Electoral é obrigatoria agás causa xustificada.
  3. Son funcións da Xunta Electoral:
    - a) Vixiar que o proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos se axuste a dereito.
    - b) Organizar os procesos das eleccións para a Asemblea Xeral e Presidente da Federación, segundo o disposto no Regulamento Electoral e nos Estatutos.
    - c) Nomear as mesas electorais de conformidade co previsto Regulamentaria e Estatutariamente.
    - d) Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así coma o resto da documentación electoral.
    - e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos segundo o establecido no Regulamento Electoral e nos Estatutos.
    - f) Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
    - g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, agás o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata o remate do proceso electoral.
    - h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas polo Regulamento Electoral e os Estatutos.

### **Artigo 87. Mesas electorais. Funcións e competencias.**

Para a elección dos membros da Asemblea constituirase en cada circunscrición electoral, no día fixado, unha única mesa electoral. O horario de apertura da mesa e a súa situación serán as reflectidas no Regulamento Electoral.

As mesas electorais estarán compostas por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes, elixidos por sorteo pola Xunta Electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario os membros de maior e





Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

 XUNTA  
DE GALICIA

 DEPORTE  
GALEGO

menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria agás causa xustificada que deberá ser autorizada pola Xunta Electoral.

O modo de elección e competencias da mesa electoral serán os reflectidos no Regulamento Electoral.

### **Artigo 88. Elección da Asemblea Xeral.**

O número de membros da Asemblea Xeral será o indicado segundo o artigo 35., coa porcentaxe representativa do artigo 34. dos Estatutos, e ha de ser o que corresponda, unha vez aprobado definitivamente o censo electoral.

1. Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e segredo, agás a singularidade prevista para o estamento de Entidades Deportivas, por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen nos Estatutos e Regulamento. Terán representación tódolos estamentos recoñecidos nos Estatutos e integrados na Federación e, cando menos, as Entidades Deportivas, os deportistas e os xuíces/árbitros.
2. No estamento de Entidades Deportivas haberá membros natos e membros electos. A representación das Entidades Deportivas correspóndelles aos seus presidentes ou persoas que, conforme aos seus estatutos, lles corresponda. Esta representación acreditarase, de maneira fidedigna, mediante certificación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia na que consten expresamente os representantes legais da entidade. Non cabe representación das persoas físicas. Ningún membro da Asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.
3. A Federación axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto)

### **Artigo 89. Membros natos.**

Conforme ao establecido na Orde do 8 de setembro de 2010, establécese como baremo para a designación dos membros natos da Asemblea Xeral o seguinte: Maior número de licenzas federativas no derradeiro ano anterior á convocatoria de eleccións e participación no maior número de competicións oficiais no mesmo período de tempo.

### **Artigo 90. Candidatos.**

Poderá ser candidato a membro da Asemblea Xeral toda persoa física ou xurídica no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera





Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



outro medio que acredite fidedignamente en dereito dita solicitude perante a Xunta Electoral. Para a solicitude establécese un prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación do censo definitivo. Asemade, o candidato non pode incorrer, na data na que se publique a convocatoria de eleccións, en ningún dos supostos a, b, c, d, e e f do artigo 32.1 destes Estatutos.

### **Artigo 91. Voto por correo.**

Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea en aqueles estamentos integrados por persoas físicas.

### **Artigo 92. Elección do Presidente.**

No día e na hora fixados na convocatoria correspondente, constitúese a Asemblea Xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da Orde do Día a elección a Presidente e a membros da Comisión Delegada. O Presidente da Federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e segredo polos membros da Asemblea Xeral, presentes no momento da elección, entre aqueles candidatos que presentasen a súa candidatura conforme ao esixido regulamentariamente.

1. Na votación á elección de Presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación do voto. A representación das Entidades Deportivas realizarase conforme ao establecido no artigo 44. parágrafo terceiro, non admitíndose que unha persoa desempeñe a representación de máis dunha entidade.
2. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o Presidente presentará aos candidatos, iniciando, de seguido, o proceso de votación.
3. Procédese posteriormente á votación en urna para a elección do Presidente, que será segreda.
4. A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asemblea só poderá votar a un candidato.
5. O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.
  - a) Na primeira votación son elixibles tódolos candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contén cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



- seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.
- b) Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran polo menos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido Presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.
- c) No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a unha nova votación entre os dous máis votados, no prazo de 2 horas do mesmo día, resultando elixido o que obteña maioría de votos.
6. Rematada cada unha das votacións realizadas, a mesa electoral contará os votos obtidos por cada un dos candidatos e levantará a oportuna acta.
7. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de empate resultará elixido aquel que teña maior número de licenzas (estamento de Entidades Deportivas), maior número de participacións en competicións oficiais (deportistas e xuíces/árbitros), por último, por sorteo.
8. No caso de que se presentase un só candidato, non se fará votación.
9. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a Federación e convocará e realizará novas eleccións a Presidente no prazo máximo de 3 meses.
10. Acabada a elección, a acta do resultado desta será enviada á Xunta Electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a Xunta Electoral proclamará Presidente ao candidato mais votado e comunicará os resultados á Secretaría Xeral Para o Deporte no prazo máximo de 10 días.
11. Unha vez proclamado definitivamente o novo Presidente, a comisión xestora deberá poñer a disposición deste no prazo máximo de 5 días hábiles, contados dende a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á Federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Secretaría Xeral Para o Deporte.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

 XUNTA  
DE GALICIA

 DEPORTE  
GALEGO

12. Despois da súa proclamación o Presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos Estatutos da Federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría Xeral Para o Deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento.

### **Artigo 93. Elección de membros da Comisión Delegada.**

A comisión delegada será elixida entre e pola Asemblea Xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e segredo entre os seus membros. O seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral. Será presidida polo Presidente da Federación coma membro nato desta.

O número de membros da Comisión Delegada será de cinco a dez. O procedemento para a súa elección será o seguinte: votación entre candidatos en Asemblea Xeral e proporcionalmente ao número de representantes por estamento.

### **Artigo 94. Recursos.**

As reclamacións e impugnacións que se presentaren contra calquera acto electoral dirixiranse á Xunta Electoral e, contra o que esta resolva, caberá recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo as resolucións deste fin a vía administrativa.

Están lexitimados para interpoñer este recurso os representantes das candidaturas ou as persoas ou entidades debidamente afectadas polos acordos da Xunta Electoral. Os prazos e requisitos para interpor recurso serán os indicados no Regulamento Electoral.

## **CAPÍTULO IX – DISPOSICIÓNS XERAIS.**

### **Artigo 95. - Incompatibilidades dos cargos.**

Sen prexuízo das demais incompatibilidades previstas nos presentes Estatutos, o exercicio do cargo de Presidente, membro da Xunta Directiva, Delegado Territorial, Secretario, Interventor e Presidentes dos Comités e Comisións existentes na Federación, será incompatible con:

a) O exercicio doutros cargos directivos noutra federación galega ou española, distinta á da especialidade que pertenza aquela onde se desempeñe o cargo.



Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



b) O desempeño de cargos ou empregos públicos directamente relacionados co ámbito deportivo.

c) A realización de actividades comerciais directamente relacionadas coa Federación.

## TÍTULO IV - AS COMPETICIÓNS OFICIAIS

### Artigo 96.- Competicións oficiais.

1. A cualificación da actividade ou competición coma oficial de ámbito galego correspóndelle, de oficio ou previa solicitude, en exclusiva á Federación.

2. Para obter o carácter de oficial de ámbito galego será requisito indispensable o acordo a tal efecto da Asemblea Xeral cada tempada ou período anual que o especificará dentro do calendario.

### Artigo 97.- Solicitude e criterios de cualificación.

1. No suposto de solicitude de cualificación dunha competición coma oficial de ámbito galego, deberán especificarse as razóns polas que se formula e, asemade, as condicións nas que se desenvolverá esa actividade ou competición, sendo requisito mínimo e indispensable que estea aberta a todos sen discriminación algunha, agás o prexuízo ou escolma derivadas dos méritos deportivos.

2. Para cualificar unha actividade ou competición deportiva coma de carácter oficial, teranse en conta, entre outros, os seguintes criterios:

a) A existencia dunha modalidade ou especialidade deportiva oficialmente recoñecida e que teña coma obxecto outra actividade de ámbito superior ao provincial.

b) Desenvolvemento de tódalas probas en instalacións ou escenarios deportivos de pesca recoñecidos como tais ou semellantes a aqueles nos que a Federación organiza e desenvolve o seu calendario de competicións oficiais.

c) Capacidade e experiencia organizativa e de xestión dos promotores.

d) Nivel técnico e relevancia da actividade ou competición no ámbito deportivo galego.



Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



- e) Garantía de medidas de seguridade.
- f) Control e asistencia sanitaria.
- g) Seguro de responsabilidade civil dos organizadores, ou calquera outro requisito necesario, de acordo coa lexislación vixente.
- h) Conexión e vencello da actividade ou competición deportiva con outras actividades e competicións deportivas de ámbito estatal e internacional.
- i) Disponibilidade de regulamentación específica para o seu desenvolvemento, incluíndo a disciplinaria.
- j) Previsión de fórmulas de control e represión da dopaxe.

## **TÍTULO V - EJERCICIO DAS FUNCIÓNS PÚBLICAS DELEGADAS**

### **Artigo 98.- Procedemento.**

1. Os actos que se ditén pola Federación no exercicio das funcións públicas delegadas axustaranse aos principios inspiradores das normas reguladoras do procedemento administrativo común.
2. Cómpre obrigatoriamente producir un trámite de audiencia aos interesados, coma mínimo dentro dos primeiros cinco días hábiles, para os iniciados mediante solicitude dos interesados, e un prazo de resolución que non poderá ser superior a un mes.

### **Artigo 99.- Recurso.**

Contra os actos ditados pola Federación no exercicio das funcións públicas de carácter administrativo, que esgoten a vía federativa, caberá recurso perante a Secretaría Xeral para o Deporte, consonte á Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

## **TÍTULO VI - RÉXIME DISCIPLINARIO**



Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



### **Artigo 100. - Potestade disciplinaria deportiva.**

A Federación exerce a potestade disciplinaria deportiva sobre as persoas e entidades integradas na mesma: clubs ou seccións deportivas e os seus deportistas, técnicos, adestradores, xuíces e, en xeral, sobre aqueles que de forma federada desenvolvan a modalidade deportiva propia da Federación. Tódolos afiliados á Federación deben coñecer as súas normas de disciplina deportiva e fican obrigados a acatar as decisións dos órganos de autoridade competentes, de acordo a estes Estatutos e aos regulamentos que sexan de aplicación.

### **Artigo 101.- Órganos disciplinarios.**

A potestade disciplinaria federativa exercerase pola Federación a través dos órganos disciplinarios establecidos nestes Estatutos e nomeados de acordo a eles.

### **Artigo 102.- Réxime disciplinario.**

1. O réxime disciplinario será regulado mediante un regulamento de disciplina deportiva da Federación, (Anexo I destes Estatutos), que será redactado de conformidade coa normativa Autonómica, e aprobado pola Asemblea Xeral.

2. Dito Regulamento disciplinario deberá contemplar coma mínimo os seguintes extremos:

- a) Un sistema tipificado de infraccións, cualificándoas segundo a súa gravidade.
- b) Un sistema de sancións correspondentes a cada unha das infraccións.
- c) As causas ou circunstancias que eximan, atenúen ou agraven as sancións, así como as responsabilidades e os requisitos da súa extinción.
- d) Os criterios e principios aplicables para a gradación das sancións.
- e) O procedemento disciplinario aplicable e o recurso admisible.

### **Artigo 103. – Recusación do instrutor de expediente disciplinario.**

O instrutor nomeado aos efectos dun expediente disciplinario poderá ser recusado por algunha das causas previstas no ordenamento xurídico administrativo. Se a recusación, que será resolta polo propio Comité de Disciplina Deportiva, fose aceptada, o recusado será substituído nomeando novo instrutor. Do novo nomeamento darase traslado a tódolos interesados no expediente disciplinario.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## **TÍTULO VII – RÉXIME ECONÓMICO - FINANCEIRO DA FEDERACIÓN**

### **Artigo 104. – Orzamento e patrimonio.**

1. A Federación ten orzamento e patrimonio propios para o cumprimento dos seus fins, debendo destinar a totalidade das súas rendas aos fins deportivos para os que se constituído.

2. O patrimonio da Federación estará integrado polos bens e dereitos propios e polos que lle sexan cedidos pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera das outras Administracións Públicas.

3. O exercicio económico da Federación é o comprendido entre os días 1 de febreiro e 31 de xaneiro. O proxecto de orzamento anual será elaborado polo Presidente e a Xunta Directiva e, despois de informar á Comisión Delegada, dentro do derradeiro trimestre do exercicio económico aprobarase en Asemblea Xeral. Este orzamento debe ser equilibrado e non deficitario e enténdese condicionado, no que ás subvencións públicas se refire, ás condicións de aprobación dos orzamentos de Galicia. O devandito orzamento remitirase á Administración deportiva no prazo dun mes desde a súa aprobación. Asemade, a liquidación do orzamento anterior deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral, previo informe da Comisión Delegada.

### **Artigo 105. – Recursos.**

1. Son recursos da Federación, entre outros, os seguintes:

a) As subvencións que poidan concederlle as Entidades públicas.

b) Os ingresos por prezo de licenzas e afiliacións, así como das cotas que a Asemblea puidese establecer para os afiliados.

c) As cotas de inscrición e outros ingresos que produzan as actividades e competicións deportivas propias do seu obxecto e actividade social, así coma os derivados dos contratos ou convenios que realice.

d) Os froitos e rendas do seu patrimonio, actividades e servizos accesorios e complementarios.

e) Os préstamos ou créditos que obteña.





Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



f) As doazóns, patrocinios, herdanzas e legados que reciba e premios que lle sexan outorgados.

g) Calquera outro que se lle atribúa ou conceda por disposición legal ou en virtude de convenio.

2. Os recursos económicos da Federación deberán estar depositados en entidades bancarias ou de aforro ao nome de “ Federación Galega de Pesca e Casting “, sendo polo menos necesarias as sinaturas do Presidente e do Tesoureiro para a disposición de ditos fondos, non obstante, poderá dispoñer en caixa das cantidades que sinale o Presidente para atender aos pagos ordinarios e correntes. Por razóns de urxencia ou ausencia, o Presidente poderá delegar de forma expresa a súa sinatura para a disposición de fondos, no Vicepresidente, sen que en ningún caso sexa delegable a sinatura do Tesoureiro.

#### **Artigo 106. – Contabilidade.**

1. A Federación someterá a súa contabilidade e estados económicos ou financeiros ás prescricións legais aplicables.

O Tesoureiro exercerá as funcións de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira, patrimonial e orzamentaria, así como as de contabilidade e tesourería.

2. A Federación desempeña as seguintes competencias económico-financeiras.

a) Gravar e allear os seus bens inmobles, agás os que lle sexan cedidos polas Administracións Públicas, sempre que con ilo non se comprometa de modo irreversible o patrimonio federativo. Cando o importe da operación sexa igual ou superior ao 10 por 100 do seu orzamento requirirá a aprobación da Asemblea Xeral, por acordo de dous terzos dos seus membros.

b) Gravar e allear os seus bens mobles.

c) Exercer actividades de carácter industrial, comercial, profesional ou de servizos, sempre que a totalidade dos posibles beneficios sexan destinados ao cumprimento do seu obxecto social. En ningún caso poderán repartirse, directa o indirectamente, os posibles beneficios entre os integrantes da Federación.

d) Comprometer gastos de carácter plurianual. Cando o gasto anual comprometido supere o 10 por 100 do orzamento ou vaia máis aló do período de mandato do Presidente requirirá a aprobación da Asemblea Xeral, por acordo dos dous terzos dos seus membros.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



e) Tomar diñeiro a préstamo, nos termos e condicións establecidos na lexislación vixente.

#### **Artigo 107. – Gravame e alleamento de bens.**

1. O gravame e alleamento dos bens inmoables financiados, en todo ou en parte, con subvencións ou fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia requirirán autorización previa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

2. O gravame e alleamento dos bens móbiles, financiados total ou parcialmente con fondos públicos, requirirá a mesma autorización cando superen os doce mil euros.

#### **Artigo 108. – Auditorías.**

A Federación someterase cada dous anos coma mínimo, ou cando a Secretaría Xeral para o Deporte así o aconselle ou estime necesario, a auditorías financeiras e de xestión sobre a totalidade dos seus gastos ou, no seu caso, a verificacións de contabilidade. A Federación remitirá os informes de ditas auditorías á Secretaría Xeral para o Deporte, agás nos casos nos que sexa a propia Secretaría quen faga ou contrate esas auditorías.

#### **Artigo 109. – Subvencións e axudas públicas.**

A Federación asignará, coordinará e controlará a correcta aplicación que os seus asociados fagan das subvencións e axudas de carácter público, concedidas a través dela, conforme ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

## **TÍTULO VIII - RÉXIME DOCUMENTAL DA FEDERACIÓN**

#### **Artigo 110. – Libros.**

1. A Federación levará os seguintes libros:

a) Libro de Rexistro dos Clubs afiliados á Federación, no que se fará constar a súa denominación, domicilio social, nome e apelidos do seu Presidente e membros da Xunta Directiva, con indicación das datas de toma de posesión e cese.

Neste Libro inscribíranse tamén as seccións deportivas integradas na Federación.



Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



b) Libro de Actas, no que se incluírán as Actas das reunións da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva e demais órganos colexiados da Federación. As Actas especificarán necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e de tempo na que se desenvolveu, os puntos principais das deliberacións así coma o contido dos acordos acadados.

c) Libro de entrada e saída de correspondencia e documentación, no que se fará o correspondente asento de todo escrito ou documentación que sexa presentado ou se reciba na Federación, anotarase tamén a saída de escritos e documentación da Federación a outras entidades ou particulares. Os asentos practícaranse respectando a orden cronolóxica de recepción ou saída. En todo caso, o sistema de rexistro garantirá en cada asento a constancia, xa sexa de entrada ou saída, do número, epígrafe expresivo da súa natureza, data de entrada ou saída, identificación do remitente e destinatario, e referencia ao contido do escrito.

d) Libros de contabilidade, de conformidade coa normativa de aplicación, nos que figurarán o patrimonio, dereitos e obrigas, de habelas, e ingresos e gastos da Federación, coa expresión da súa procedencia e destino.

e) Calquera outro que legalmente proceda.

Tódolos libros anteriores poderán ser levados informáticamente, e ser encadernadas posteriormente as súas follas soltas, en todo caso, debidamente dilixenciados pola Secretaría Xeral para o Deporte ou fedatario público.

2. Con independencia dos dereitos de información e acceso dos membros da Federación e, sinaladamente dos asembleístas que, no que atinxe a súa específica función, deberán de ter a súa disposición a documentación relativa aos asuntos que se vaian tratar na Asemblea Xeral cunha antelación mínima de 10 días á data do seu desenvolvemento, os Libros federativos estarán abertos a información e exame, de acordo coa lexislación vixente, cando así o dispoñan decisións xudiciais ou órganos competentes en materia deportiva e, en todo caso, dos auditores.

## TÍTULO IX - A DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN

### Artigo 111. – Causas de disolución.

A Federación disolverase polas seguintes causas:



Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



a) Acordo da Asemblea Xeral, convocada en sesión extraordinaria e con ese único punto na Orde do Día. Dito acordo, que será adoptado necesariamente por maioría cualificada dos dous terzos dos membros da Asemblea, así como a certificación acreditativa do estado da tesourería, comunicarse ao órgano administrativo deportivo competente da Xunta de Galicia, aos efectos previstos na normativa aplicable.

b) Integración noutra Federación Deportiva galega.

c) Non elevación a definitiva da inscrición provisional no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, aos dous anos da súa inscrición.

d) Revogación administrativa do seu recoñecemento.

e) Resolución xudicial.

f) Aquelas outras previstas no ordenamento xurídico vixente nese momento.

#### **Artigo 112. –Destino do patrimonio neto.**

No acordo de disolución, a Asemblea Xeral designará unha Comisión liquidadora do patrimonio da Federación, con capacidade para administrar, conservar e recuperar os bens e dereitos da entidade, efectuar pagos e, en xeral, exercer aquelas outras accións imprescindibles para practicar a liquidación final.

En todo caso, o patrimonio neto resultante, de habelo, destinarase ao fomento, difusión, promoción e práctica de actividades deportivas, agás que por resolución xudicial se determine outro destino.

## **TÍTULO X - APROBACIÓN E MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E REGULAMENTOS FEDERATIVOS**

#### **Artigo 113. – Acordo.**

Os Estatutos e Regulamentos federativos serán aprobados pola Asemblea Xeral, ao igual que as súas modificacións, por acordo da maioría cualificada dos seus membros presentes, ou representados consonte ao establecido nos presentes Estatutos.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

 **XUNTA  
DE GALICIA**

 **DEPORTE  
GALEGO**

#### **Artigo 114. –Procedemento de modificación.**

1. O procedemento de modificación dos Estatutos iniciarase a proposta do Presidente, da Xunta Directiva ou dun terzo dos membros da Asemblea Xeral.

Dita proposta, acompañada dun informe detallado que motive as causas que a orixinan, será sometida á Asemblea Xeral, en convocatoria extraordinaria e con expresa inclusión da mesma na Orde do Día.

2. A modificación dos Regulamentos seguirá o procedemento establecido no parágrafo anterior.

#### **Artigo 115. - Inscripción no Rexistro de Entidades Deportivas.**

1. Os acordos de aprobación ou de modificación adoptados, serán remitidos para a súa ratificación á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e, en todo caso, cómpre solicitar a inscrición dos novos Estatutos ou Regulamentos no Rexistro de Entidades Deportivas e Deportistas de Galicia.

2. As disposicións aprobadas ou modificadas só producirán efectos fronte a terceiros dende a data de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas e Deportistas de Galicia.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

Sen prexuízo da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, os presentes Estatutos xurdirán efectos fronte a terceiros, unha vez ratificados, polo servizo ou funcionario competente na materia, da Secretaría Xeral para o Deporte e posterior inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas e Deportistas da Xunta de Galicia.

**E para que así conste, aos efectos de anotar as modificacións dos Estatutos da Federación Galega de Pesca e Cásting no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, asino a presente na Coruña a 14 de marzo de 2013.**

Vº e Prace

**Asdo: Manuel Mouzo Méndez**

**Asdo: Gerardo Orol Castro**



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## ANEXO I

# REGULAMENTO DE DISCIPLINA DEPORTIVA DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA

## TITULO I DA DISCIPLINA E XUSTIZA DEPORTIVA

### CAPITULO I

#### DISPOSICIÓN XERAIS

##### **Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.**

1.- O obxecto do presente Regulamento é o desenvolvemento da normativa disciplinaria deportiva, as normas aplicables ás distintas entidades afiliadas e as persoas que as integran, nas competicións de ámbito Autonómico da Federación Galega de Pesca e Casting, de aquí en diante FGPeC, de acordo co Título VI dos seus Estatutos e en concordancia coa Lei 3/2012 de 2 de Abril do Deporte de Galicia, e as súas respectivas disposicións de desenvolvemento e o Real Decreto 1591/92 de Disciplina Deportiva.

2.- A competición é unha actividade ou un tipo de enfrontamento que se limita ó deportivo, e que supoñe respetar determinado tipo de regras ou de regulamento, cumprir con determinados requisitos e ter en vista a obtención dun trofeo, medalla ou victoria, mediante ou por medio dunha clasificación, puntuación ou categoría definidas por un Regulamento de Competicións. Deste xeito, enténdese por competición un tipo de actividade deportiva que supón o enfrontamento de dous ou máis equipos ou deportistas cumprindo determinadas regras e requisitos. A competición deportiva enténdese coma leal e nobre xa que dentro das regras e normas a cumprir sempre se pon por diante o xogo limpo, a honra e o respecto polos demais adversarios, deportistas, competidores, xuíces, árbitros e demais persoas relacionadas coa organización desas competicións.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



3.- Aos efectos deste Regulamento, o ámbito da Xustiza e da Disciplina Deportiva abranguen ás infraccións ás regras da competición ás normas xerais deportivas previstas na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, nas súas disposicións de desenvolvemento, nos Estatutos e regulamentos da FGPeC e demais normas e Leis que sexan de aplicación ás distintas entidades afiliadas á mesma e aos deportistas que as integren.

4.- O disposto no presente Regulamento resultará de aplicación para todo tipo de actividades deportivas ou competicións de pesca, de ámbito Autonómico, ou que afecten ás persoas, físicas ou xurídicas, que nelas participen.

### **Artigo 2.- Cualificación de actividades e competicións.**

Considéranse actividades ou competicións oficiais aquelas que así se cualifiquen pola FGPeC no seu calendario, e en todo caso os campionatos e ligas que sexan clasificatorios para competicións oficiais de ámbito autonómico ou nacional.

### **Artigo 3.- Clases de infraccións**

1.- Son infraccións ás normas xerais deportivas as accións ou omisións que sexan contrarias ao disposto por ditas normas, sempre que o seu contido teña un evidente carácter deportivo, e non social.

2.- Son infraccións ás regras de xogo ou competición de pesca deportiva, as accións ou omisións que, durante o curso da competición, vulneren, impidan ou perturben o seu normal desenvolvemento.

### **Artigo 4.- Compatibilidade da disciplina deportiva.**

1.- O réxime disciplinario deportivo é independente da responsabilidade civil ou penal, así como do réxime derivado das relacións laborais, que se rexerán pola lexislación que en cada caso corresponda.

2.- A imposición de sancións en vía administrativa, conforme ao previsto na Lei 3/2012 do 2 de abril do Deporte de Galicia e as súas disposicións de desenvolvemento sobre prevención da violencia en espectáculos deportivos, non impedirá, no seu caso e atendendo ao seu distinto fundamento, a depuración de responsabilidades de índole deportiva a través dos procedementos previstos na lexislación aplicable, sen que poidan recaer sancións de idéntica natureza.





Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpescas.org>  
[federacion@fgpescas.org](mailto:federacion@fgpescas.org)  
V15141328



## **CAPITULO II DA ORGANIZACIÓN DISCIPLINARIA E DE XUSTIZA DEPORTIVA NA FGPeC.**

### **Artigo 5.- Potestade disciplinaria.**

1.- A potestade disciplinaria atribúe aos seus titulares lexítimos a facultade de investigar e, no seu caso, sancionar e corrixir ás persoas, físicas ou xurídicas, sometidas á xustiza e a disciplina deportiva segundo as súas respectivas competencias.

2.- O exercicio da potestade disciplinaria deportiva dentro da FGPeC, para as competicións e actividades deportivas ou normas xerais deportivas das entidades de ámbito de actuación autonómica, corresponderá ás seguintes persoas ou entidades:

a) Xuíces ou árbitros, Xurados e Comités de Competición ao longo do desenvolvemento dos encontros ou probas, con suxeición ás regras establecidas nas disposicións de cada modalidade deportiva.

b) Asociacións e Clubs deportivos, sobre os seus asociados, deportistas, técnicos, directivos e administradores e, en xeral, a todas aquelas persoas e sociedades ou clubs que, en condición de federados, inscritos previamente no Rexistro de Entidades Deportivas e Deportistas de Galicia, desenvolvan a modalidade de pesca deportiva correspondente no ámbito da Comunidade Autónoma.

c) Comité de disciplina ou Xuíz Único de Competición, competencias que se recollen no Título III, Capítulo VI, Sección Primeira Artigos 73 e 74 dos Estatutos da FGPeC.

d) Comité de Apelación, coas súas competencias definidas no Título III, Capítulo VI, Sección Segunda, Artigos 75 a 78 dos citados Estatutos.

Os seus acordos serán, en todo caso, recorribles perante os órganos disciplinarios da FGPeC.

3- Ó Comité Galego de Disciplina Deportiva, sobre as mesmas persoas e entidades que a FGPeC, sobre estes mesmos e os seus directivos.

4.- Tódolos titulares da potestade disciplinaria deportiva descritos, exércena de acordo coas súas propias normas estatutarias e co resto do ordenamento xurídico deportivo, instruindo e resolvendo expedientes disciplinarios deportivos de oficio, ou a solicitude do interesado.

5- En materia administrativo-deportiva correspóndelle á Administración deportiva autonómica, a través do Comité Galego de Xustiza Deportiva, sobre calquera persoa



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



física ou xurídica pola comisión das infraccións administrativas recollidas na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia .

6- No exercicio desta potestade son aplicables os principios xerais da potestade sancionadora establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **CAPITULO III CONFLICTOS DE COMPETENCIAS**

#### **Artigo 6.- Conflictos de competencias.**

Os conflitos que sobre a tramitación ou resolución de asuntos, se susciten entre clubs, técnicos, xuíces, árbitros, ou deportistas afiliados á organización deportiva da FGPeC serán resoltos polo Comité de Disciplina Deportiva da mesma ou, de ser o caso, polo Comité Galego de Xusticia e Disciplina Deportiva.

### **CAPITULO IV PRINCIPIOS DISCIPLINARIOS**

#### **Artigo 7.- Condicións das disposicións disciplinarias.**

1. As disposicións estatutarias ou regulamentarias que regulen a disciplina e xustiza deportiva no ámbito da FGPeC e os seus afiliados, terán inexcusamente coma alicerses os seguintes principios:

a) O establecemento dun sistema tipificado de infraccións baseado nas regras xenéricas ou específicas aplicables á correspondente modalidade deportiva, tanto na súa normativa xenérica coma na específica.

b) Os principios e criterios aplicables para a cualificación das infraccións e a gradación das sancións que aseguren coma mínimo os seguintes efectos:

- A diferenciación entre o carácter leve, grave e moi grave das infraccións.
- A proporcionalidade das sancións aplicables ás mesmas.
- A inexistencia de dobre sanción polos mesmos feitos. Non se considerará dobre sanción a imposición dunha sanción accesoria á principal.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



- A aplicación dos efectos retroactivos favorables, e a irretroactividade dos desfavorables.
- A prohibición de sancionar por infraccións non tipificadas con anterioridade ó momento da súa comisión.
- O sistema de sancións aplicables en función da cualificación das infraccións e as circunstancias atenuantes ou agravantes que se establezan.
- Procedemento sancionador aplicable e os recursos admisibles.

c) Tódalas entidades deportivas, agás as sociedades anónimas deportivas, deberán regular nas súas normas estatutarias ou regulamentarias os extremos sinalados no apartado precedente ou, no seu defecto, manifestar de forma expresa a aplicación supletoria do réxime disciplinario deportivo da FGPeC.

2.- En todo caso, é obrigatoria a aplicación da clasificación de infraccións e sancións contida na Lei 3/2012 do 2 de Abril do Deporte de Galicia e nas disposicións aplicables, de acordo coa gradación nela recollida.

### **Artigo 8.- Sobre as causas atenuantes, agravantes e de extinción das infraccións e sancións deportivas.**

1.- Serán causas atenuantes da responsabilidade disciplinaria, o arrepentimento espontáneo.

2.- Que a infracción estea inmediatamente precedida por unha provocación suficiente.

3.- No ter sido sancionado nos cinco anos anteriores aos da data da comisión da infracción.

4.- Son causas agravantes da responsabilidade disciplinaria, ademais da reincidencia e a premeditación, as seguintes:

a) Entenderase producida a reincidencia cando a persoa, física ou xurídica, infractora cometa, nun prazo de dous anos, máis dunha infracción da mesma natureza, e que así fose declarada por resolución firme.

b) A trascendencia social ou deportiva da infracción

c) O prexudicio económico causado.

d) A existencia de lucro ou beneficio en favor do infractor ou dun terceiro.

5.- Son causas de extinción da responsabilidade disciplinaria deportiva:



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



- a) O falecemento do inculpado .
- b) A disolución da Entidade Deportiva sancionada ou infractora.
- c) O cumprimento da sanción.
- d) A perda por parte do infractor ou sancionado, da condición de socio ou afiliado á entidade deportiva baixo a cal se iniciase o trámite ou expediente. O cambio de Club do infractor ou sancionado non impedirá a continuación da tramitación do expediente.
- e) A prescrición da infracción e sancións nos termos contidos no artigo 102 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia e neste Regulamento.

## TITULO II

### CAPITULO I DO PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO

**Artigo 9.-** Será de aplicación ó procedemento aplicable na materia disciplinaria regulada neste Regulamento, nos Estatutos da FGPeC, o disposto na Lei 3/2012 do 2 de Abril do Deporte de Galicia, no Real Decreto 1591/92, e nas demais disposicións e Leis que na materia sexan aplicables.

**Artigo 10.- Necesidade de expediente disciplinario.**

Unicamente se poderán impor sancións disciplinarias, en virtude de expediente instruído ao efecto, de acordo cos procedementos regulados no presente Título.

**Artigo 11.- Clases de Procedementos.**

1. Os procedementos para a imposición de sancións serán o abreviado e o ordinario.
2. O procedemento abreviado é aplicable para a imposición das sancións por infracción das regras do xogo ou da competición.
3. O procedemento ordinario será aplicable para as sancións correspondentes ás infraccións das normas xerais de conduta deportiva.



Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## **Artigo 12.- Regras comúns aos procedementos.**

1. No non previsto neste Regulamento ou na Lei, 3/2012 do 2 de Abril do Deporte de Galicia, serán de aplicación supletoria as normas contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto 1398/1993, do 4 agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
2. Os procedementos sancionadores respectarán a presunción de inexistencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.
3. As sancións impostas a través do correspondente procedemento disciplinario serán inmediatamente executivas, agás que o órgano encargado da resolución do recurso acorde a suspensión.
4. As actas subscrias polos xuíces ou árbitros do encontro, da proba ou da competición constituirán medio documental necesario en conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións a aquelas.
- 5.- As manifestacións do árbitro ou xuíz recollidas nas citadas actas presúmense certas, agás proba en contrario.

## **Artigo 13.- Procedemento abreviado.**

As regras ás que se debe axustar o procedemento abreviado son as seguintes:

### **1. Iniciación:**

- a) O procedemento abreviado iníciase coa notificación da acta da proba ou competición, que reflecta os feitos que poden dar lugar á sanción, subscria polo xuíz ou árbitro, polos competidores ou polos delegados dos clubs.

No suposto de que os feitos susceptibles de ser sancionados non estean reflectidos na acta, senón mediante anexo, o procedemento iníciase no momento no que teña entrada na FGPeC o anexo da acta da proba, campionato ou competición ou do documento no que queden reflectidos os feitos obxecto de axuízamento. Nomearase un instrutor ou instrutora que exercerá as funcións de impulso na ordenación do expediente, tamén un secretario ou secretaria, aos que lles serán aplicables as causas de abstención e recusación reguladas na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

- b) Poderá iniciarse expediente por instancia da parte interesada, sempre que a denuncia se lle presente á FGPeC dentro do segundo día hábil seguinte ao día no que se desenvolvese a proba ou competición.

### **2. Tramitación e resolución:**



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



a) No prazo de dous días, que se contarán dende a notificación ás persoas interesadas, poderán formular alegacións en relación cos feitos redactados na acta, no anexo ou na denuncia. Poderán propoñer ou achegar tamén, se é o caso, as probas pertinentes. A proba deberá practicarse no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes ao da súa admisión.

b) O órgano instrutor trasladaralle, no prazo máximo de dous días, que se contarán a partir da presentación de alegacións, da práctica da proba ou da súa denegación, ao órgano competente para que emita a proposta de resolución, de xeito que, dentro do día seguinte se dite a resolución, na que se deberán expresar os feitos imputados, os preceptos infrinxidos e os que habilitan a sanción que se impoña. Así mesmo, de non telo feito con anterioridade, deben expresarse na mesma resolución os motivos de denegación das probas non admitidas. A resolución deberáselles notificar ás persoas interesadas, con expresión dos recursos que se poidan formular contra ela e do prazo para a súa interposición.

#### **Artigo 14.- Procedemento ordinario.**

As regras ás que debe someterse o procedemento ordinario son as seguintes:

##### 1. Iniciación:

a) O procedemento iníciase por acordo do órgano competente, de oficio ou por instancia de persoa interesada.

b) O acordo que inicie o procedemento conterà a identidade do instrutor, se é o caso do secretario, da autoridade competente para impoñer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia, o prego de cargos que conterà a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou das persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables. Este acordo deberáselle notificar á persoa interesada.

Seránlles aplicables ao instrutor e ao secretario as causas de abstención, recusación e procedemento establecidas no capítulo III do título II, artigos 28 e 29, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

##### 2. Tramitación:

a) No tempo que dure a tramitación do procedemento, o órgano competente para incoalo, de oficio ou por instancia do instrutor, poderá acordar en resolución motivada as medidas que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



b) O acordo de iniciación notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para contestar os feitos e propoñer a práctica das probas que conveña á defensa dos seus dereitos e intereses.

c) Practicaranse de oficio ou admitiranse por proposta da persoa interesada cantas probas sexan axeitadas para a determinación dos feitos e das posibles responsabilidades. Só se poderán declarar improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.

d) Respostado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para facelo, ou concluída a fase probatoria, o instrutor redactará a proposta de resolución ben apreciando a existencia dalgunha infracción imputable e, neste caso, conterà necesariamente os feitos declarados probados, as infraccións que constitúan e as disposicións que as tipifiquen, as persoas que resulten presuntamente responsables e as sancións que procede impoñer ou ben propoñendo a declaración de inexistencia de infracción ou responsabilidade e o sobresemento con arquivo das actuacións.

A proposta de resolución notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que consideren pertinentes.

### 3. Resolución:

a) Recibidas polo instrutor as alegacións ou transcorrido o prazo de audiencia, remitíralle o expediente ao órgano competente para resolver.

b) A resolución do órgano competente pon fin ao procedemento común e dítarase no prazo máximo de dez días hábiles.

### **Artigo 15.- Condicións dos procedementos.**

#### 1.- Son condicións xerais e mínimas dos procedementos disciplinarios:

a) O Xuíz da proba exerce a potestade disciplinaria, no eido deportivo, ao longo do desenvolvemento dos campionatos ou probas, de maneira inmediata, o Xurado de Competición atenderá as reclamacións que se xerasen, facendo constar na acta as mesmas, remitíndoas ao Comité de Competición ou Xuiz Único antes das corenta e oito horas seguintes, incluíndo neste envío tódalas reclamacións feitas e os correspondentes anexos.

b) Nas probas ou competicións deportivas que pola súa natureza requiran a intervención inmediata dos órganos disciplinarios para garantir o normal desenvolvemento das mesmas, a súa instrución e resolución efectuarase polo correspondente Comité de Competición e Xurados da Proba, de acordo co sistema procedemental contido no Regulamento de Competicións da FGPeC, conxugando a actuación perentoria daqueles





Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



órganos co trámite de audiencia e o dereito a reclamación dos interesados, circunscibíndose á aplicación das normas de competición e as contidas nas Bases específicas de cada competición. Darase traslado ao Comité de Disciplina ou Xuíz Único de Competición da FGPeC de calquera cuestión que se refira á aplicación de sancións por condutas contrarias á xustiza, disciplina e normas xerais deportivas contidas no resto de normas deste regulamento, nos Estatutos e no ordenamento xurídico.

2.- As actas suscritas polos xuíces ou árbitros ou polo Comité organizador da competición, constituirán medio documental necesario no conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza terán as ampliacións ou aclaracións ás mesmas suscritas polos propios xuíces ou árbitros, ben de oficio, ben a solicitude dos órganos disciplinarios. Iso non obstante, os feitos relevantes para o procedemento e a súa resolución poderán acreditarse por calquera medio de proba, podendo os interesados propor que se practique calquera proba pertinente ou achegar directamente cantas sexan de interese para a correcta resolución do expediente.

3.- As declaracións do árbitro ou xuíz, ou Comité organizador, presúmense certas, agás erro material manifesto que poderá acreditarse por calquera medio admitido en Dereito.

4.- Calquera persoa, física ou xurídica, que nos seus dereitos ou intereses lexítimos poidan verse afectados pola substanciación dun procedemento disciplinario deportivo poderán presentarse en legal forma no mesmo, tendo, dende entón, a consideración de parte interesada.

5.- Cando existan dous ou máis órganos disciplinarios que poidan coñecer sucesivamente dun determinado asunto, unha mesma persoa non poderá pertencer a máis dun deses órganos.

#### **Artigo 16.- Lexitimación para recorrer contra as sancións.**

Están lexitimadas para interpoñer recurso en materia disciplinaria as persoas directamente afectadas pola sanción. Enténdese, en todo caso, por tales os deportistas, as súas entidades deportivas e as entidades deportivas participantes na competición na que tiveron lugar os feitos recollidos no expediente.

#### **Artigo 17.- Publicidade das resolucións.**

As resolucións dos Comités da FGPeC, tanto no ámbito da competición coma no disciplinario, poderán facerse públicas, respetando sempre o dereito á honra e á intimidade das persoas.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



### **Artigo 18.- Rexistro de sancións.**

Na FGPeC deberá existir un Libro de Rexistro de sancións impostas, ou soporte informático correspondente aos efectos, entre outros, da posible apreciación de causas modificativas da responsabilidade e do cómputo dos prazos de prescrición de infraccións e sancións.

### **Artigo 19.- Concorrenza de responsabilidades deportivas e penais.**

1.- Os órganos disciplinarios deportivos deberán comunicar ao Ministerio Fiscal aquelas infraccións que puidesen revestir carácter de delito ou falta penal.

2.- En tal caso os órganos disciplinarios deportivos acordarán a suspensión do procedemento, segundo as circunstancias concorrentes, ata que recaia a correspondente resolución xudicial.

3.- En cada suposto concreto os órganos disciplinarios valorarán as circunstancias que concorran no mesmo, a fin de acordar motivadamente a suspensión ou a continuación do expediente disciplinario deportivo ata a súa resolución e imposición de sancións, se procedese.

4.- No caso de que se acordase a suspensión do procedemento poderán adoptarse medidas cautelares mediante providencia notificada a tódalas partes interesadas.

## **CAPITULO II O PROCEDEMENTO ORDINARIO DE ÁRBITROS E XUÍCES NAS COMPETICIÓNS DA FGPeC.**

### **Artigo 20.- O procedemento ordinario.**

O procedemento ordinario aplicable para a imposición de sancións por infracción das regras do xogo ou da competición, desenvólvese mediante a aplicación inmediata das regras de competición por xuíces e árbitros, asegurando o normal desenvolvemento da competición, sen prexuízo da reclamación e trámite de audiencia dos interesados perante o Xurado ou Comité Organizador da mesma, segundo cada caso, que resolverá de forma definitiva.

As reclamacións e alegacións dos sancionados e partes afectadas pola decisión do árbitro ou xuíz faranse constar por escrito, sen prexuízo de que a súa argumentación fáctica e xurídica se efectúe verbal ou documentalmente.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



Os Xurados, Comités Organizadores ou de Competición, segundo cada caso, resolverán de forma inmediata unha vez oídas tódalas partes e ós propios árbitros ou xuíces que impuxeran a sanción, confirmando ou negando a mesma, reestruturando no seu caso a clasificación, permitindo un normal desenvolvemento da competición nos seus momentos seguintes.

Contra as resolucións relativas á aplicación das normas técnicas de competición emitidas polos Xurados, Comités Organizadores ou de Competición de cada competición caberá recurso perante o Xuíz Único de Competición ou Comité de Disciplina Deportiva da FGPeC, ao que igualmente se remitirá testemuño de calquera conduta antideportiva ou infractora deste Regulamento Disciplinario para a súa instrución e tramitación.

### **CAPITULO III O PROCEDIMENTO EXTRAORDINARIO DE DISCIPLINA DEPORTIVA NA FGPeC.**

#### **Artigo 21.- Principios informadores.**

O procedemento extraordinario do Xuíz Único de Competición e de Disciplina Deportiva da FGPeC tramitarase para as sancións correspondentes ás infraccións ás normas deportivas xerais, axustarase aos principios e regras da lexislación e regulamentación aplicables, e ao contido neste Regulamento.

#### **Artigo 22.- Iniciación do procedemento.**

1.- O procedemento iniciarase por providencia de oficio, a solicitude do interesado ou a requirimento dos órganos de representación e directivos da FGPeC. A incoación de oficio poderase producir por iniciativa do propio órgano ou en virtude de denuncia motivada.

2.- A tal efecto, ao ter coñecemento dunha suposta ou posible infracción das normas deportivas, o Xuíz Único de Competición ou o Comité de Disciplina Deportiva poderán acordar a instrución dunha información reservada antes de ditar a providencia na que se decida a incoación do expediente ou, no seu caso, o arquivo das actuacións.

3.- A providencia de incoación haberá de inscribirse nos rexistros establecidos conforme ao previsto no presente Regulamento.

#### **Artigo 23.- Nomeamento de instrutor. Rexistro da providencia de incoación.**

1.- A providencia que inicie o expediente disciplinario conterá o nomeamento de instrutor, a cuxo cargo correrá a tramitación do mesmo.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

 XUNTA  
DE GALICIA

 DEPORTE  
GALEGO

2.- A providencia de incoación inscribírase nun rexistro establecido aos efectos.

#### **Artigo 24.- Abstención e recusación.**

1.- Ao instructor e, no seu caso ao secretario, sonlles de aplicación as causas de abstención e recusación previstas na lexislación do Estado para o procedemento administrativo común.

2.- O dereito de recusación poderano exercer os interesados no prazo de tres días hábiles, contados dende o seguinte ao que teñan coñecemento da correspondente providencia de nomeamento, perante o Comité de Disciplina Deportiva, que deberá resolver no prazo de tres días.

#### **Artigo 24.- Medidas provisionais.**

1.- Iniciado o procedemento e, con suxección ao principio de proporcionalidade, o Xuíz Único de Competición ou o Comité de Disciplina Deportiva poderán adoptar as medidas provisionais que estimen oportunas para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer. A adopción de medidas provisionais poderá producirse en calquera momento do procedemento, de oficio ou a petición razoada do instructor. O acordo de adopción deberá ser debidamente motivado.

2.- Non se poderán ditar medidas provisionais que poidan causar prexuízos irreparables.

#### **Artigo 25.- Impulso de oficio.**

O Xuíz Único de Competición ou o Comité de Disciplina Deportiva poderán ordenar a práctica de cantas dilixencias sexan necesarias para a investigación e comprobación dos feitos, así como para fixar as infraccións susceptibles de sanción.

#### **Artigo 26.- Proba.**

1.- Os feitos relevantes para o procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba, unha vez que o instructor decida a apertura da fase probatoria, a cal terá unha duración non superior a quince días hábiles nin inferior a cinco, comunicando aos interesados con suficiente antelación o lugar e momento da práctica das probas.

2.- Os interesados poderán propor, en calquera momento anterior ao inicio da fase probatoria, a práctica de calquera proba ou aportar directamente as que resulten de interese para a adecuada e correcta resolución do expediente.

Contra a denegación expresa ou tácita da proba proposta polos interesados, estes poderán presentar reclamación, no prazo de tres días hábiles, perante o propio Xuíz



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



Único de Competición ou o Comité de Disciplina Deportiva, quen deberán pronunciarse no termo doutros tres días. En ningún caso, a interposición da reclamación paralizará a tramitación do expediente.

### **Artigo 27.- Acumulación de expedientes.**

Poderá acordarse polo Xuíz Único de Competición ou o Comité de Disciplina Deportiva da FGPeC, de oficio ou a solicitude do interesado, a acumulación de expedientes cando se produzan as circunstancias de identidade ou analoxía razoable e suficiente, de carácter subxectivo ou obxectivo, que fixesen aconsellables a tramitación e resolución únicas.

A providencia de acumulación será comunicada aos interesados no procedemento.

### **Artigo 28.- Prego de cargos e proposta de resolución.**

1.- Á vista das actuacións practicadas, e nun prazo non superior a un mes contado a partir da iniciación do procedemento, o instructor propondrá o sobresemento ou formulará o correspondente prego de cargos comprendendo o mesmo os feitos imputados, as circunstancias concorrentes e as supostas infraccións, así como as sancións que puidesen ser de aplicación. O Instructor poderá, por causa xustificada, solicitar a ampliación do prazo referido ao órgano competente para resolver.

2.- No prego de cargos, o instructor presentará unha proposta de resolución, que será notificada aos interesados para que no prazo de dez días hábiles, manifesten cantas alegacións consideren convenientes en defensa dos seus dereitos ou intereses. Así mesmo, no prego de cargos, o Instructor deberá propor o mantemento ou liberación das medidas provisionais que, no seu caso, se adoptasen.

3.- Transcorrido o prazo sinalado no apartado anterior, o instructor, sen mais trámite, elevará o expediente ao Comité de Disciplina Deportiva da FGPeC para a súa discusión, votación e resolución, ao que se lle unirán, no seu caso, as alegacións presentadas.

### **Artigo 29.- Resolución.**

1.- As resolucións do Xuíz Único de Competición ou do Comité de Disciplina Deportiva, que non esgotan a vía federativa, haberán de serlles notificadas aos interesados no prazo máximo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte ao da súa emisión.

2.- Contra as resolucións ditadas polo Xuíz Único de Competición ou o Comité de Disciplina Deportiva cabe recurso perante o Comité de Apelación da FGPeC no prazo de 5 días hábiles dende a súa notificación.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



3.- Unha vez presentado o correspondente recurso perante o Comité de Apelación, este daralle traslado do mesmo aos interesados, que poderán facer alegacións no prazo de 2 días hábiles dende a súa notificación. Pasado este prazo o Comité de Apelación resolverá.

4.- De non ditarse resolución expresa nun prazo máximo de 30 días, o recurso deberá entenderse coma desestimado e caberá recurso perante o Comité Galego de Disciplina e Xustiza Deportiva.

5.- As resolucións do Comité de Apelación da FGPeC esgotan a vía federativa, non obstante, cabe interpor recurso perante o Comité Galego de Disciplina e Xusticia Deportiva no prazo de 15 días hábiles dende súa notificación

## CAPITULO IV DISPOSICIÓN COMÚNS

### **Artigo 30.- Prazo, medio e lugar das notificacións.**

1.- Toda providencia ou resolución que afecte aos interesados no procedemento de xustiza e disciplina deportiva regulado no presente Regulamento seralles notificado aos mesmos no prazo mais breve posible, co límite máximo de dez días hábiles.

2.- As notificacións faranse de acordo coas normas previstas na lexislación de procedemento administrativo común. Preferentemente utilizarase a notificación ou comunicación persoal cando fose posible, o correo con acuse de recibo ao domicilio facilitado polo infractor na alta de afiliación á FGPeC, mensaxeiro, correo electrónico con acuse de recibo, fax con comprobante de recepción e aceptación do interesado, ou por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción polo interesado.

### **Artigo 31.- Comunicación pública e efectos das notificacións.**

Con independencia da notificación persoal, poderá acordarse a comunicación pública das resolucións sancionadoras, respectando o dereito á honra e a intimidade das persoas conforme á legalidade vixente.

Non obstante, as providencias e resolucións non producirán efectos para os interesados ata a súa notificación persoal, agás nos supostos previstos no presente regulamento.

### **Artigo 32.- Eficacia da comunicación pública.**

1.- No suposto de que unha determinada sanción, ou acumulación de sancións impostas durante o desenvolvemento dun encontro ou competición, conleve outra sanción





Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



accessoria ou complementaria, para que a sanción sexa executiva, a comunicación pública do árbitro, xuíz, ou Comité que a impuxo, debe ser complementada coa notificación persoal.

2.- Se, tentados polo menos dous dos medios de comunicación referidos no artigo 30.-2, fose imposible notificar ao interesado, poderá facerse comunicación mediante a exposición pública do documento a notificar nos tablóns de anuncios da sede da FGPeC ou da Sociedade ou Club onde teña radicada a súa morada ou licenza federativa o interesado. Trala exposición do documento durante 10 días, entenderase que foi notificado.

### **Artigo 33.- Contido das notificacións.**

As notificacións deberán conter o texto íntegro da providencia ou resolución coa indicación de se é ou non definitiva, a expresión das reclamacións ou recursos que procedan, órgano perante o que presentalas e prazo para as interpor.

### **Artigo 34.- Motivación de providencias e resolucións.**

As providencias e resolucións deberán ser motivadas, en todo caso.

### **Artigo 35.- Prazos dos recursos e órganos perante os que interpoñelos.**

1.- As resolucións ditadas polo Xuíz Único de Competición ou o Comité de Disciplina Deportiva da FGPeC, poderán ser recorridas no prazo máximo de 5 días hábiles dende a súa notificación, perante o Comité de Apelación da FGPeC.

2.- Para interpor recurso perante o Comité de Apelación da FGPeC cómpre facer unha provisión de 50.- €, na conta da FGPeC. A provisión será restituída no caso de que o fallo sexa favorable ao recorrente.

### **Artigo 36.- Ampliación dos prazos na tramitación dos expedientes.**

Se concorreran circunstancias excepcionais no curso da instrución dun expediente de xustiza e disciplina deportiva, os órganos competentes para resolver poderán acordar a ampliación dos prazos previstos a criterio do instrutor, e por un máximo dun mes en cada trámite.

### **Artigo 37.- Obriga de resolver.**

Os recursos presentados contra as resolucións e providencias de trámite perante o Comité de Apelación da Federación Galega de Pesca deberán resolverse sempre. Non obstante, transcorridos 30 días dende a súa interposición, sen que recaese resolución expresa, entenderanse desestimados.





Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



### **Artigo 38.- Cómputo de prazos de recursos o reclamaciónes.**

O prazo para formular recursos ou reclamacións contarase dende o seguinte día hábil ao da notificación da resolución ou providencia, se estas fosen expresas. Se non o fosen, o prazo será de quince días hábiles, a contar dende o seguinte ao que deban entenderse desestimadas esas peticións, reclamacións ou recursos.

### **Artigo 39.- Contido das resolucións que decidan sobre recursos.**

- 1.- A resolución dun recurso confirmará, revogará ou modificará a decisión recorrida, non podendo, en caso de modificación, derivarse maior prexuízo para o interesado, cando este sexa o único recorrente.
- 2.- Se se estimase a existencia de vicio formal, poderá ordenarse a retroacción do procedemento ata o momento en que se produciu a irregularidade, con indicación expresa da fórmula para resolvela.

### **Artigo 40.- Desestimación presunta de recursos.**

A resolución expresa dos recursos deberá producirse nun prazo non superior aos trinta días dende a interposición destes. En todo caso, transcorrido dito prazo sen que se dite e notifique a resolución do recurso interposto, poderase reclamar a correspondente certificación de actos presuntos, que deberá ser emitida no prazo de 20 días, o cal conlevará a imposibilidade de emitir resolución, quedando expedita a vía procedente.

### **Artigo 41.- Natureza e execución das resolucións.**

- 1.- As resolucións do Comité de Apelación da FGPeC non esgotan a vía administrativa, e son recorribles perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, en caso de tratarse de sancións por falta grave ou moi grave.
- 2.- As Resolucións que non fosen recorridas en prazo serán firmes e executivas dende os órganos da FGPeP que correspondan, segundo a natureza da sanción, e serán responsables do seu estrito e efectivo cumprimento.

### **Artigo 42.- Publicidade das resolucións.**

As resolucións dos Órganos de Disciplina Deportiva poderán facerse públicas, respectando o dereito á honra e á intimidade das persoas.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## TITULO III

# DAS FALTAS Á DISCIPLINA DEPORTIVA DENTRO DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA

## CAPITULO I DAS INFRACCIÓNS

### Artigo 43.- Cadro de infraccións.

1.-Son infraccións á xustiza e disciplina deportiva, así como ás regras de competición da FGPeC, as recollidas na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, as que figuran no Regulamento de Competicións da Federación Española de Pesca y Casting e as que se sinalan neste Regulamento e que pola súa natureza poden ser moi graves, graves e leves.

#### 2.-Incomparecencias:

A incomparecencia ás probas da FGPeC unha vez inscrito deberá estar xustificada nos seguintes motivos e cos seguintes documentos:

- a) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar en 1º ou 2º grao, con xustificante.
- b) Enfermidade grave do deportista, con informe médico.
- c) Lesión que non lle permita exercer a práctica competitiva da pesca, con informe médico.

1.- O deportista deberá achegar os correspondentes xustificantes. Estes haberán de estar no poder do Xurado de Competición da FGPeC, polo menos 10 días antes da data sinalada para as competicións nas que ía participar.

2.- Se o feito xustificable acontecese dentro dos 10 días anteriores á Competición, o deportista deberá de poñelo en coñecemento do Comité e xustificar o feito antes das 48 horas do comezo da Competición.

3.- Se o feito acontecese nas 48 horas anteriores á Competición, sen que mediase aviso, quedará a criterio do Xurado do Campionato e da FGPeC a valoración das causas e motivos. No caso de mediar aviso, serán tamén o Xurado do Campionato e a FGPeC os que valoren se os motivos son procedentes.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

 XUNTA  
DE GALICIA

 DEPORTE  
GALEGO

4.- No caso de acontecer o feito a xustificar nas 24 horas previas á competición, o deportista terá que xustificar a súa baixa no prazo das 48 horas posteriores ao desenvolvemento da proba ou competición.

5.- Cando a ausencia fora motivada por razón profesionais, no caso de traballadores por conta allea ou funcionarios, esta xustificárase por medio de escrito asinado polo empregador, xefe, encargado, superior ou mando baixo as ordes ou a supervisión de quen o deportista desenvolva a súa actividade profesional. Paras os autónomos tan só se admite xustificación no contemplado no punto 1.-. Non caberá xustificación algunha no referente aos puntos 2.-, 3.- e 4.-.

6.- O non cumprimento do contemplado en calquera dos puntos 1, 2, 3 e 4 precedentes, fará que o deportista perda a categoría e a licenza federativa temporalmente.

7.- A resolución das incomparecencias será competencia do Comité de Disciplina da FGPeC, que actuará de oficio unha vez recibido e revisado o informe achegado polo Xurado de Competición.

8.- Para o resto de normas serán de aplicación as aprobadas no Regulamento de Competición da Federación Española de Pesca y Casting.

#### **Artigo 44.- Infraccións comúns moi graves.**

Consideraranse coma infraccións comúns moi graves á xustiza e disciplina deportiva:

a) Os quebrantamentos de sancións graves impostas. O quebrantamento apreciarase en tódolos supostos nos que as sancións resulten executivas. O mesmo réxime aplicarase cando se trate do quebrantamento de medidas cautelares.

b) As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simples acordos o resultado dunha proba ou competición.

c) As declaracións públicas de directivos, técnicos, árbitros e deportistas ou socios que inciten aos seus equipos, deportistas ou aos espectadores á violencia física ou de xénero, o enfrontamento e a descalificación persoal grave ou tenten contra a imaxe da FGPeC ou de algún dos membros do seu equipo directivo, técnico ou disciplinario.

d) A falta de asistencia non xustificada ás convocatorias das seleccións deportivas galegas. A estes efectos a convocatoria enténdese referida tanto aos adestramentos coma ao desenvolvemento efectivo da proba ou competición.

e) Os actos notorios e públicos que atenten á dignidade ou decoro deportivos, cando revistan unha especial gravidade. Así mesmo, considerarase falta moi grave a reincidencia en infraccións graves por feitos desta natureza.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



- f) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas do deporte ou cando poidan alterar a seguridade da proba ou competición ou poñan en perigo a integridade das persoas, así como a manipulación do resultado da proba ou competición, falseado polo deportista ou o seu control.
- g) A aliñación indebida, o non comparecer ou a retirada de deportistas, equipos, xuíces ou técnicos, de forma inxustificada das probas ou competicións nas que participen.
- h) O contravimento das resolucións do Comité Galego de Disciplina Deportiva.
- i) As agresións a Xuíces, Árbitros, Técnicos, Directivos e demais autoridades ou cargos da organización deportiva.
- j) As protestas, individuais, ou coaccións colectivas ou tumultuarias, que impidan a celebración dun encontro, proba, competición, ou acto federativo que teñan como obxecto ou consecuencia a súa suspensión.
- k) As protestas individuais, airadas e ostensibles, realizadas contra árbitros, xuíces, técnicos, directivos e demais autoridades deportivas con menosprezo da súa autoridade.
- l) A manifesta desobediencia das ordes e instrucións emanadas de xuíces, árbitros, técnicos, directivos e demais autoridades deportivas.
- m) A Organización de competicións, por persoas físicas ou xurídicas, con infracción das normas deste regulamento, ou sen contar coa autorización da FGPeC para o desenvolvemento das mesmas, sempre que o escenario destas sexa dentro do territorio da comunidade autónoma de Galicia.
- n) O uso indiscriminado e reiterado de bebidas alcohólicas de modo que poida resultar prexudicial para o individuo ou a colectividade, antes e durante as competicións ou actividades federativas
- ñ) O uso, ou incitación ao uso da dopaxe, ou substancias que a enmascaren, e a negativa a someterse a controis antidoping.
- o) O uso indebido de Autorizacións Especiais expedidas polo Organismo competente en materia de pesca, cando estas autorizacións fosen concedidas a solicitude da Federación
- p) O falseamento de actas de competición dos seus respectivos clubs, ou o desenvolvemento de competicións sen as preceptivas autorizacións das Institucións e Organismos competentes.



Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



q) A participación de clubs e deportistas federados en competicións non autorizadas pola FGPeC, cando estas se desenvolvan dentro do territorio da comunidade autónoma de Galicia.

r) Non presentarse a unha competición oficial para a que o deportista estivese previamente inscrito ou clasificado se, dentro das corenta e oito horas previas á data desa competición, ese mesmo deportista participou en algunha outra competición non oficial.

#### **Artigo 45.- Outras infraccións moi graves dos directivos.**

Ademais das accións comúns previstas anteriores, son infraccións específicas moi graves do Presidente e demais membros directivos da FGPeC e Entidades e Clubs da súa organización deportiva, as seguintes:

a) Os abusos de autoridade.

b) O contravimento dos acordos da Asemblea Xeral, así como dos regulamentos electorais e demais disposicións estatutarias ou regulamentarias.

c) A non convocatoria nos prazos ou condicións legais, de forma sistemática e reiterada dos órganos colexiados federativos.

d) A incorrecta utilización dos fondos privados ou das subvencións, créditos, avais e demais axudas das Administracións Autonómicas e Locais. A estes efectos, a apreciación da incorrecta utilización de fondos públicos rexeráse polos criterios que para o uso de axudas e subvencións públicas se conteñen na lexislación específica. Respecto aos fondos privados, estarase ao carácter negligente ou doloso das condutas, e á lexislación xeral.

e) O compromiso de gastos de carácter plurianual do orzamento da FGPeC, sen a regulamentaria autorización.

f) A negativa inxustificada a expedir a Licenza Federativa, ou expedición fraudulenta da mesma.

#### **Artigo 46.- Infraccións graves.**

Terán a consideración de infraccións graves:

a) O contravimento reiterado de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes. En tales órganos atópanse comprendidos os árbitros, xuíces, técnicos, directivos e demais autoridades deportivas.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



- b) Os actos e palabras notorios e públicos que atenten a integridade ou dignidade de persoas adscritas á organización deportiva, contra o público asistente, e en xeral contra o decoro deportivo.
- c) A non convocatoria, nos prazos ou condicións legais, dos órganos colexiados federativos.
- d) O contravimento das regras de administración e xestión do orzamento e patrimonio previstas nos Estatutos e o ordenamento xurídico aplicable.
- e) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra das regras técnicas do deporte.
- f) O quebrantamento de sancións leves.
- g) A reincidencia na comisión de infraccións leves. Entenderase que hai reiteración cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de máis dunha infracción leve no período dun ano.
- h) Introducirse na auga nas competicións que tivesen establecida a súa prohibición, ou comezar a proba antes da hora sinalada.
- i) Vadear ou mudar de marxe utilizando para iso, sen o correspondente permiso, o espazo adxudicado a outro deportista participante ou entorpecer reiteradamente a liberdade doutros deportistas, non respectando as distancias legais ou as que a consideración deportiva ou semellantes deben ditar ao deportista.
- j) A captura e presentación á pesaxe de pezas de especie e tamaños válidos, acadados coa utilización de iscas, artes ou procedementos ilegais ou non autorizados.
- k) A presentación á pesaxe de pezas non capturadas polo deportista participante, xa sexan cedidas por outros deportistas ou adquiridas por procedementos antideportivos.
- l) A cesión de pezas propias a outro deportista.
- m) A aceptación de pezas capturadas por outro deportista.
- n) A presentación de pezas, capturadas polo deportista en momento ou lugar distinto ao sinalado para a proba.
- ñ) Cebar os postos de pesca, medir, ou sondar o escenario antes da hora autorizada, a invasión da zona de pesca doutro deportista de forma reiterada.
- o) A presentación á pesaxe de pezas que estiveran mortas antes da súa captura.





Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



p) A presentación á pesaxe dunha ou máis pezas dun tamaño inferior a 1 cm do establecido para esa competición.

p.p) A presentación á pesaxe dunha ou máis pezas dun tamaño manifestamente inferior á metade do válido para esa competición.

q) Cortar un aparello de cana allea, sen permiso do propietario ou do control da manga.

r) Os insultos e ofensas a xuíces, árbitros, técnicos, dirixentes e demais autoridades deportivas.

s) As protestas, intimidacións ou coaccións colectivas ou tumultuarias, que alteren o normal desenvolvemento do xogo, proba, competición ou acto federativo.

t) A non comparecencia a competicións ou adestramentos, estando inscrito ou citado, sen causa xustificada.

u) A organización ou participación en probas organizadas por clubs, asociacións ou entidades xurídicas afiliadas á FGPeC sen a debida autorización administrativa ou federativa.

v) Deixar restos do material utilizado ou calquera tipo de lixo na zona de pesca, despois de finalizada a competición, e a negativa a recollelo se fose advertido para iso. Non advertir á organización da existencia dos que houberse ao entrar no posto de pesca que lle correspondera.

x) O recibir axudas non permitidas, despois de ter sido advertido polos xuíces ou pola organización.

z) O uso de teléfonos móbiles ou outros medios de comunicación por parte dos participantes ao longo da Competición sen autorización do Xuíz ou Control, no caso de contemplarse esa circunstancia nesa especialidade concreta.

a.a) Pescar con anzois con morte ou arponciño cando estea prohibido nesa proba

b.b) Non presentar a plica do pescador ao que se controlou no tempo e formas establecidos, ou coma máximo media hora despois de rematada a manga.

c.c) Recibir axuda dun terceiro para o cobro dunha captura. Se a axuda ven dada dun control será tamén penalizado.

d.d) Infrinxir as normas relativas e específicas de cada modalidade deportiva referidas a equipos e cebos.





Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



e.e) A inscrición ou participación de deportistas ou clubs federados en competicións con outra comunidade, sen a debida autorización da FGPeC.

f.f) O quebrantamento das normas xenéricas o específicas, deportivas, establecidas para cada modalidade de pesca recollidas no Regulamento de Competicións da FGPeC.

g.g) Entrar no posto dun deportista unha vez iniciada a proba sen autorización do deportista, do control ou do xuíz da competición, segundo o que corresponda en cada modalidade específica.

h.h) Recibir axuda dun terceiro para a montaxe do posto de pesca.

#### **Artigo 47.- Infraccións leves.**

1.- Consideraranse infraccións de carácter leve as condutas contrarias ás normas deportivas que non estean incursas na cualificación de moi graves ou graves no presente Regulamento e que estean tipificadas nos Estatutos, ou no Regulamento de Competicións da Federación Española de Pesca y Casting.

2.- En todo caso consideraranse faltas leves:

a) A incorrección nas observacións formuladas aos xuíces, árbitros, técnicos, directivos e demais autoridades deportivas.

b) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

c) A presentación á pesaxe de pezas non pertencentes á especie que sexa obxecto da competición, ou de tamaño manifestamente inferior ao permitido na mesma, ou dun número de pezas superior ao máximo establecido.

d) A presentación á pesaxe de pezas válidas capturadas fóra do tempo regulamentario.

e) A reclamación infundada, feita de forma consciente e temeraria, nunha competición.

f) A reclamación xustificada, pero non presentada de forma regulamentaria.

g) Invadir a zona de pesca doutro competidor. De haber reincidencia despois de ser avisado, contarase coma falta grave.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## CAPITULO II DAS SANCIÓNS

### **Artigo 48.- Sancións por infraccións comúns moi graves.**

Á comisión das infraccións moi graves tipificadas nos apartados do artigo 44, citados a continuación, corresponderanlles as seguintes sancións:

- 1.- Ás comprendidas nas letras d), f), i), j), o), p) e q): Perda ou descenso de tódalas categorías.
- 2.- Ás enumeradas nas letras a), b), c), e), f), g), h), i), j), k), l), n), ñ), o), e r): Perda de licenza federativa ou da condición de asociado de forma definitiva ou temporalmente de un a catro anos.
- 3.- Ás comprendidas nas letras i), e j): Inhabilitación a perpetuidade.
- 4.- Ás comprendidas nas letras b), c), e), f), h), k), l), m), n), e p) : Inhabilitación para ocupar cargos na organización deportiva por un prazo de un a catro anos, en adecuada proporción á infracción cometida.
- 5.- Ás sinaladas nas letras b), f), i), n) e ñ): Descalificación da proba.
- 6.- Retirada da axuda económica concedida pola FGPeC aos efectos de participación en competicións oficiais, nacionais ou autonómicas.
- 7.- Multa en contía non superior a 1.500,- euros

### **Artigo 49.- Sancións por infraccións moi graves dos directivos.**

Pola comisión das infraccións enumeradas no artigo 45 deste Regulamento poderán imporse as seguintes sancións:

- 1.- Amoestación pública, polas infraccións contidas nos apartados a), b), e) e d), cando se cometa a falta por descoñecemento ou negligencia.
- 2.- Inhabilitación temporal de dous meses a un ano, polas infraccións contidas nas letras a), b), c), e d), cando se efectuasen de forma intencionada, e e) cando se cometan por descoñecemento ou negligencia
- 3.- Destitución do cargo, pola contida no apartado f), cando se faga de forma intencionada, ou pola reiterada comisión intencionada das infraccións contidas nos outros apartados.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

 XUNTA  
DE GALICIA

 DEPORTE  
GALEGO

## **Artigo 50.- Sancións por infraccións graves.**

Pola comisión das infraccións graves tipificadas nos apartados do artigo 46 que respectivamente se citan a continuación poderán imporse as seguintes sancións:

- 1.- Ás faltas contidas nas letras a), b), f), g), t), u) e g.g): Amoestación pública.
- 2.- Á falta contida na letra u, sexa por primeira vez ou reincidinte: Clausura do espazo, couto ou recinto deportivo, de ata tres competicións ou actividades, ou de dous meses. Inhabilitación de seis meses para competir.
- 3.- Ás faltas cometidas nas letras f), g), e.e) e v): Privación dos dereitos de asociado, de un mes a un ano.
- 4.- Ás faltas cometidas nas letras b), c), d), e), r), s), t), f.f) e á primeira reincidencia nas letras f), g) e g.g): Inhabilitación para ocupar cargos, suspensión ou privación de licenza federativa de un mes a un ano ou de catro ou máis competicións nunha mesma temporada.
- 5.- Á falta cometida na letra p): Perda do 100% dos puntos obtidos, en función do tamaño da peza ou pezas (1 punto por gramo).
- 6.- Ás faltas cometidas nas letras h), i), j), k), l), m), n), ñ), o), p.p), q), r), s), v), x), c.c) e h.h): Descualificación da fase da proba na que se cometeu a infracción.
- 7.- Ás faltas cometidas nas letra z), a.a), b.b) e d.d): Descualificación total da proba.
- 8.- Retirada da axuda económica concedida pola FGPeC aos efectos de participación en competicións oficiais, nacionais ou autonómicas.
- 9.- Multa en contía non superior a 1.000,- euros

## **Artigo 51.- Sancións por infraccións leves.**

Pola comisión das infraccións leves tipificadas nos respectivos apartados do artigo 47 que se citan a continuación, poderán acordarse a imposición das seguintes sancións:

- 1.- Ás faltas cometidas nas letras a), b), c) e g): Apercibimentos.
- 2.- Á primeira e segunda reincidencia nas faltas contidas nas letras a), b), c), e d): Inhabilitación para ocupar cargos ou suspensión de ata un mes, ou de unha a tres probas.
- 3.- Pola falta cometida na letra d): descontaranse os mesmos puntos que correspondesen ó participante se a pesaxe das pezas incorrectas fora permitida.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

 XUNTA  
DE GALICIA

 DEPORTE  
GALEGO

4.- Polas faltas contidas nas letras e) e f): descontaranse os mesmos puntos que sexan reclamados de forma incorrecta.

#### **Artigo 52.- Gradación, proporcionalidade e aplicación das sancións.**

Na determinación da sanción que se vaia impór, o órgano competente debe procurar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, para esta gradación deben terse en conta os seguintes criterios:

- a) A existencia de intencionalidade.
- b) A reincidencia pola comisión, nun prazo de dous anos, de máis dunha infracción da mesma natureza e que así fose declarada por resolución firme. Nos casos de reincidencias en faltas cuxo castigo non estea descrito nas sancións da mesma gradación da falta na que se reincida, o Comité de Disciplina Deportiva aplicará a de superior clase que se adapte a súa natureza. Se non fose posible imporase a sanción no grao máximo adxudicable á que se reincide.
- c) A natureza dos prexuízos causados e, de ser o caso, dos riscos aos que foran expostos terceiros.
- d) O prezo e os danos morais.
- e) Que houbera advertencias previas da Administración.
- f) O beneficio ilícito obtido.
- g) A emenda, ao longo da tramitación do expediente, das anomalías que orixinaron a incoación do procedemento.
- h) En todo caso, o órgano sancionador, nos casos nos que aprecie circunstancias relativas á escasa importancia do dano ou prexuízo causado, falta de intencionalidade ou de antecedentes negativos de condutas sancionadoras, poderá rebaixar, se o estima razoable e conveniente, a sanción mínima prevista ata a contía do grao medio da sanción inferior; e no caso das leves, formular apercibimento.
- i) No establecemento de sancións pecuniarias deberase prever que a comisión das infraccións tipificadas non resulte máis beneficiosa para o infractor cao cumprimento das normas infrinxidas.
- j) As sancións persoais de multa, no caso de deportistas, só se poderán impoñer cando estes obteñan ingresos que estean asociados á actividade deportiva desenvolta.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



k) As entidades deportivas, deportistas profesionais ou técnicos profesionais que teñan pendente o pagamento de multas non serán inscritas en competición algunha, nin de categoría autonómica nin nacional.

l) Non poderán competir, ningún dos membros das entidades morosas á FGPeC, en competición algunha, Autonómica ou Nacional, en tanto a débeda non sexa pagada.

### **CAPITULO III DA PRESCRICIÓN E DA SUSPENSIÓN**

#### **Artigo 53.- Prescrición. Prazos e cómputo.**

1.- As infraccións e sancións tipificadas e establecidas neste Regulamento prescriben nos seguintes prazos:

a) As moi graves, aos dous anos.

b) As graves, ao ano.

b) As leves, aos seis meses.

2.- O prazo de prescrición das infraccións empeza a contar dende o mesmo día no que se cometesen; e o das sancións, ó día seguinte a aquel no que a resolución mediante a que se impón a sanción adquise firmeza.

3.- A prescrición interrómpese polo inicio, co coñecemento da persoa interesada, do procedemento sancionador, no caso das infraccións, e do procedemento de execución, no caso das sancións. O prazo de prescrición que quede por vencer restablécese se os devanditos procedementos permanecen paralizados durante máis de dous meses por causa non imputable á persoa infractora ou presuntamente infractora.

4.- Nas infraccións derivadas dunha actividade continua, a data inicial do cómputo é a de finalización da actividade ou a do último acto mediante o que a infracción se consumase.

5.- Non prescriben as infraccións nas que a conduta tipificada supoña unha obriga de carácter permanente para o infractor.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: 607881916 /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



#### **Artigo 54.- Réxime de suspensión das sancións.**

1.- A petición formal e expresa do interesado, os órganos disciplinarios deportivos poderán suspender a execución das sancións impostas mediante o procedemento ordinario, sen que paralicen ou suspendan a competición.

2.- Para as sancións impostas mediante o procedemento extraordinario, a suspensión non será automática pola mera interposición do correspondente recurso.

#### **Artículo 55. Suspensión da execución.**

1.- A interposición de recurso, agás nos casos nos que unha disposición dite o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado.

2.- Non obstante, malia o disposto no apartado anterior, o órgano a quen competa resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público, ou a terceiros, a suspensión e o prexuízo que se causa ao recorrente, coma consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran, xuntas ou por separado, algunhas das seguintes circunstancias:

- a) Que a execución puidese causar prexudicios de imposible o difícil reparación.
- b) Que a impugnación se fundamente en algunha causa de nulidade de pleno dereito.

3.- A execución do acto impugnado entenderase suspendida se despois de trinta días, dende a data na que a solicitude de suspensión tivese entrada no rexistro do órgano competente para decidir sobre a mesma, este non ditase resolución expresa ao respecto.

4.- Ao ditar o acordo de suspensión poderanse adoptar as medidas cautelares que se entendan necesarias para asegurar a protección do interese público ou de terceiros e a eficacia da resolución ou do acto impugnado. Cando da suspensión poidan provir prexudicios de calquera natureza, só producirá efectos previo depósito de aval ou garantía suficiente para responder deles.

A suspensión poderá prorrogarse despois de esgotada a vía administrativa cando exista medida cautelar que se extenda á vía contencioso-administrativa. Se o interesado interpusera recurso contencioso-administrativo, solicitando a suspensión do acto obxecto do proceso, manterase a suspensión ata que se produza o correspondente pronunciamento xudicial sobre esa solicitude.

#### **Artigo 56.- Réxime de recursos.**

1-As decisións que adopte o Comité de Disciplina Deportiva da FGPeC poderán ser recurridas perante o Comité de Apelación no prazo de cinco días hábiles, esgotando neste caso a vía federativa.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



2-As decisións que adopte o Comité Galego de Xustiza Deportiva en aplicación da potestade sancionadora esgotan a vía administrativa e contra destas só se poderá interpor recurso contencioso-administrativo.

### **Artigo 57.- Da prevención e loita contra a dopaxe no deporte.**

1.-Será de aplicación todo o contido nos Títulos VIII e IX, nas disposicións xerais da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, en concreto o contemplado dende os artigos 131 ao 149, ambos inclusive, para a prevención e loita contra a dopaxe no deporte Galego e a prevención e represión da violencia nas condutas contrarias a boa orde deportiva.

## **OUTRAS DISPOSICIÓNS**

Autorización.

Facúltase ao Presidente da FGPeC para incorporar ao presente Regulamento de Disciplina as indicacións e modificacións que introduza a Secretaría Xeral para o Deporte.

Disposición aclaratoria.

No non previsto neste Regulamento, aplicarase o establecido na Lei 3/2012, de 2 de Abril, do Deporte de Galicia.

## **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

### **Disposición final primeira. Facultade de desenvolvemento.**

Facúltase aos Comités de Competición e Disciplina da FGPeC a ditar cantas normas fosen necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste Regulamento.

### **Disposición final segunda.**

Quedan derogados tódolos acordos que, en materia de disciplina deportiva, fosen adoptados pola FGPeC con anterioridade a este Regulamento.





Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



### **Disposición Final. Entrada en vigor.**

O presente Regulamento entrará en vigor o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, unha vez aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

A Coruña a 14 de marzo de 2013

O Secretario

O Presidente

Manuel Mouzo Méndez

Gerardo Orol Castro



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## ANEXO II

# REGULAMENTO DE RÉXIMEN DOS COMITÉS DE DISCIPLINA DEPORTIVA E DE APELACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING.

## TITULO I DOS COMITÉS DE DISCIPLINA DEPORTIVA E DE APELACIÓN DA FEDERACION GALEGA DE PESCA E CASTING

### Artigo 1.- Da súa natureza.

Os Comités de Disciplina Deportiva e de Apelación da Federación Galega de Pesca e Casting, de aquí en diante FGPeC, son os órganos que, adscritos orgánicamente á propia FGPeC e, actuando con independencia desta, deciden sobre as medidas de Disciplina Deportiva conforme ao establecido no Regulamento de Disciplina Deportiva da FGPeC.

### Artigo 2.- Da súa competencia e procedementos.

1- Os Comités de Disciplina Deportiva e de Apelación da FGPeC, extenderán as súas competencias e xurisdicións ás infraccións de Disciplina Deportiva aplicables segundo a lexislación e reglamentación da Comunidade Autónoma, Estatutos e Regulamentos da FGPeC, a tódalas persoas físicas e xurídicas integradas na FGPeC, exercendo sobre elas a potestade disciplinaria consonte á distribución de competencias establecida nos Regulamentos da propia FGPeC e na Lei 3/2012, do Deporte de Galicia.

2- Os Comités de Disciplina Deportiva e de Apelación da FGPeC son competentes para instruír e resolver actos relativos a:

- a) Os de carácter organizativo-competicional que poidan xurdir en relación coa organización das competicións
- b) Os recursos que se interpoñan contra os acordos adoptados polos Xurados e Comités de Competición ou Organización das correspondentes competicións e dos Comités



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



Disciplinarios Deportivos dos clubs e asociacións afiliadas á FGPeC, sempre que a Resolución recorrida non sexa regulamentariamente definitiva, calquera que sexa o grao da infracción da que se derive.

c) Os expedientes que en primeira instancia se instrúan por vulneración da normativa sobre disciplina deportiva, descrita no Regulamento e Ordenamento Xurídico aplicable e, en especial, aqueles comportamentos constitutivos de infraccións que supoñan condutas antideportivas, antisociais, ou que vulneren as normas e éticas deportivas.

3- O desenvolvemento regulamentario do citado procedemento conterà, en todo caso, os seguintes aspectos:

a) Notificación da admisión a trámite ás persoas interesadas e petición de remisión do expediente tramitado.

b) Prazo para propoñer e practicar proba.

c) Audiencia ás persoas interesadas ao remate do procedemento, coa posibilidade de alegación por parte destas.

d) Notificación ás persoas interesadas da resolución ditada.

e) Recursos que procedan.

f) Posibilidade de adoptar medidas preventivas para asegurar o exercicio da potestade sancionadora, disciplinaria ou, en xeral, a execución das resolucións do comité.

### **Artigo 3.- Da súa composición.**

1- Os Comités de Disciplina Deportiva e de Apelación da FGPeC estarán integrados por un número de persoas que irán de 1 a 3 membros, entre os que se designará un Presidente, que tan só poderá ser membro dun dos Comités.

2- Os Comités estarán asistidos por un instrutor, que actuará de Secretario con voz pero sen voto.

3- Será secretario destes Comités o da FGPeC que terá voz pero non voto, agás se fose membro dos mesmos.

### **Artigo 4.- Da duración do mandato e causas de abstención e recusación.**

A duración do cargo coincidirá coa da Asemblea Xeral que os nomease e ao longo deste tempo só cesarán por renuncia ou dimisión, falecemento, incapacidade física ou psíquica, perda da condición de membro da FGPeC ou sanción que o inhabilite para o cargo.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



## **Artigo 5.- Das funcións dos Presidentes dos Comités de Disciplina Deportiva e de Apelación da FGPeC.**

1- Serán funcións dos Presidentes destes Comités as seguintes:

- a) Gardar e facer gardar as normas e disposicións que regulan a materia da súa competencia velando pola súa máis estrita observancia, así coma vixiar a boa orde e funcionamento do Comité, o normal despacho dos asuntos encomendados e o cumprimento das obrigas relativas aos seus compoñentes.
- b) Convocar e presidir as sesións que teña que desenvolver o Comité, dirixindo as súas deliberacións.
- c) Exercer a representación do Comité perante calquera organismo, entidade ou persoa, en toda clase de actos.
- d) Autorizar coa súa sinatura as comunicacións, actas e cantos outros documentos do Comité foran mester.

## **Artigo 6.- Do Instrutor do Comité.**

1- O Instrutor, que actuará de Secretario, terá as seguintes funcións:

- a) Prestar a asistencia necesaria ao Presidente e Vocais do Comité, en todos aqueles asuntos que lle estean atribuídos, coordinando os traballos que en su seno se realicen.
- b) Preparar de maneira concisa e completa os resumos dos expedientes, ademais dos informes e actuacións imprescindibles para o debido coñecemento dos membros do Comité
- c) Coidar do cumprimento e observancia de tódolos trámites, advertindo dos defectos de forma e eivas dos que puideran adoeecer, poñendo, de ser o caso, os medios necesarios para a súa emenda.
- d) Levar a custodia dos Libros de Entrada e Saída de Documentos e dos que ordenara abrir o Presidente, así como a correspondencia oficial do Comité
- e) Conservar e custodiar os expedientes, actuacións, documentos e selo do Comité postos ao seu cargo, gardando o debido segredo e discreción.
- f) Expedir, co visto e praxe do Presidente, as Certificacións que procedan, así coma os testemuños, con respecto ás actuacións e resolucións que se adopten.



Praza Agustin Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

 XUNTA  
DE GALICIA

 DEPORTE  
GALEGO

g) Levar a cabo a instrución dos expedientes, de acordo coas disposicións deste Regulamento e dos que legalmente lles sexan aplicables.

2- O Instrutor do Comité de Disciplina Deportiva, que será único agás cando fose recusado, en cuxo caso o Comité nomeará outro que se denominará Instrutor accidental, actuará con independencia total dos membros do propio Comité, así coma dos demais órganos da FGPeC .

### **Artigo 7.- Dos Vocais.**

1- Os Vocais do Comité de Disciplina Deportiva e de Apelación teñen a obriga, no exercicio das súas funcións, a coidar coa maior dilixencia da custodia dos expedientes que lles sexan entregados, así coma gardar a debida reserva sobre o contido dos mesmos.

2- Os Vocais serán os encargados e responsables, xunto co Presidente, do estudo das denuncias, recursos e iniciativas presentadas para a iniciación dos expedientes, así coma do estudo dos mesmos e dos seus resumos, decidirán mediante votación sobre o contido das propostas de resolucións que presente o instrutor e conformarán, coas súas decisións, as resolucións que o Comité deba acordar sobre os citados expedientes.

### **Artigo 8.- Da suspensión e cese dos membros.**

No caso de que os membros do Comité incorran en manifestas actuacións irregulares, en infraccións á lexislación deportiva de maneira grave, ou en algunha das causas que impiden o exercicio de funcións públicas, poderán ser suspendidos ou, no seu caso, cesados, de conformidade co previsto nos Estatutos da FGPeC ou lexislación aplicable.

### **Artigo 9.- Das normas de procedemento.**

O procedemento de tramitación e resolución dos expedientes disciplinarios perante o Comité de Disciplina Deportiva axustarase substancialmente ao previsto neste Reglamento. Con carácter supletorio aplicarase a lexislación e regulamentación da Comunidade Autónoma en materia deportiva, a normativa sobre procedemento administrativo común e regulamento para o exercicio da potestade sancionadora da Administración, agás para as consecuencias derivadas da violación das regras de competición que se rexerán polas normas específicas deportivas que regulen as infraccións e sancións aplicables a cada persoa, colectivo ou entidade afectada, dentro da súa correspondente modalidade deportiva, normas sobre cuxa legalidade sempre poderá pronunciarse e decidir en cada caso.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



### **Artigo 10.- Das comunicacións aclaratorias.**

O Comité, previa solicitude do interesado, formulada por escrito no prazo máximo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da notificación poderá, se o estima, aclarar os acordos e resolucións adoptados, no prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte ao da recepción da correspondente solicitude.

### **Artigo 11.- Da natureza e execución das resolucións.**

As resolucións do Comité de Disciplina Deportiva, ditadas en primeira instancia, non esgotan a vía federativa e son recorribles perante o Comité de Apelación. As resolucións ditadas polo Comité de Apelación, dentro das súas competencias, terán carácter definitivo no ámbito da FGPeC e poderán ser recorridas perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva consonte á lexislación vixente.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

En todo o non previsto na presente Normativa, estarase ó disposto na Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, Normas de Desenvolvemento, e Normativa da Federación Galega de Pesca e Casting.

A Coruña a 14 de marzo de 2013

O Secretario

O Presidente

Manuel Mouzo Méndez

Gerardo Orol Castro



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328







Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complexo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfn.: **607881916** /  
677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328

